

## GONDOMAR: o son do río



**m**

de: let: stu: em: r: o: s

## **IEM (INSTITUTO DE ESTUDOS MIÑORANOS)**

### **REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN:**

CEIP Mallón, 36379, San Pedro da Ramallosa, Nigrán, Val Miñor, Galiza.  
web: minhor.org e-mail: direccion@minhor.org  
Apartado 30, 36390-Gondomar

### **DIRECTOR:**

Carlos Méixore Quinteiro

### **CONSELLO DE PUBLICACIÓNS:**

Concha Costas, Bieito Legaspi, Alberte Valverde, Xosé Lois Vilar, Carlos Méixore e Antón Mascato

### **COORDINACIÓN DA EDICIÓ:**

Alfonso Soliño Trancoso, Ánxeles Bouzó, Carlos Méixore e Antón Mascato

### **DOCUMENTACIÓN GRÁFICA:**

Ánxeles Bouzó

### **ASESORAMENTO LINGÜÍSTICO:**

Xosé Bieito Legaspi Villaverán.

### **FOTOGRAFÍAS:**

E Sarabia, Ksado, Pacheco, Solá, Vida Gallega, Domínguez y Peragallo e outros particulares e descoñecidos.  
Fotos de José Domínguez, Lucas nas páxinas: 13, 19, 91, 113, 117, 123, 125, 129, 133 e 163.

### **Agradecementos especiais:**

Asociación de Veciños de Vircios, Centro Cultural A Mercé de Chaín, Centro Cultural de Peiteiros, Familia Concha Bargiela, Familia Copena, María Luz Roade, Familia López Torres, Carmen Núñez, Familia López Gerqueira, Loli Gesteira, Rodrigo Varela, Manuel Domínguez Domínguez, Rosa Domínguez, Familia Sestelo, Paula do Pazo da Escola, José Domínguez, Graciela Domínguez Cambra, Mana Peralka, Paula Costas Braça, Laura Rodríguez, Enrique Salgueiro, Juan Vázquez Vitrola e a quen esqueceros mencionar.

### **DESEÑO DA COLECCIÓN**

Manoel Santos (Obradoiro gráfico de Edicións do Cumio)

### **MAQUETACIÓN**

Ramón Pais (Obradoiro gráfico de Edicións do Cumio)

**Depósito Legal:** VG.- 616-2005

**I.S.B.N.:** 84-8289-328-9

**© Edicións do Cumio, S.A.**

Autorízase a reprodución dos textos sempre que se cite a autoría e a fonte de procedencia.

A edición dun libro sempre supón unha achega á colectividade que debemos recibir con ledicia, e máis se temos en conta que detrás de cada publicación hai unha persoa ou un grupo delas que teñen algo que dicir, transmitir, mostrar ou compartir. Neste caso o mérito e a satisfacción van moito máis alá. Nas páxinas que seguen hai un bo número de persoas coñecidas por todos nós que queren dicirnos, transmitirnos, mostrarnos e compartir as súas vivencias. Todas elas teñen en común ser veciños de Gondomar e profesar un inmenso cariño e respecto por esta bendita terra.

En moitos casos os colaboradores ou colaboradoras botan mán dos seus recordos para ilustrar as fotografías ou postais aportadas por eles mesmos. Isto supón un auténtico privilexio xa que nos permite coñecer máis e mellor o lugar no que habitamos. Noutros, os narradores ou narradoras son veciños que un bo día elixiron Gondomar para fixar a súa residencia e formar parte activa da nosa comunidade. A súa aportación máis imparcial permítenos ter outra visión, non menos interesante, do pasado gondomareño.

A todos eles moitas grazas por propiciar que hoxe teñamos este documento no que poder recrearnos. Os agradecementos son extensivos aos membros do Instituto de Estudos Miñoranos, instigadores do proxecto e máximos valedores de que se levara a cabo.

Xosé Carlos Silva Mariño  
Alcalde de Gondomar

Chegou o Lucas coa súa cámara ao lombo. Fita os rostros solemnes das persoas, forxados arredor do señorial pazo do seu Conde. Conciencia plena do traballo que se proxecta no futuro; a súa xente vai ficar para sempre na memoria colectiva, que vira nostalxia cando os que veñan detrás debrucen co pasado. A ponte é paso obrigado para imos á romaxe do San Brais, e deixar o río co seu son de borboriños. A ponte é paso obrigado para imos á romaxe da fábrica de soños e fábrica de vidas á que nos botou a carencia e o conto da leiteira. Non era tempo de contos, nin carapuchiñas, nin belas adormecidas, nin príncipes encantados; as vellas fotos eran os contos das nosas vidas. Por elas sabemos quen eras ti. E mais elas. E sei quen son eu. Sabemos quen marchou no tranvía, quen baixou polo río, quen abreu a terra co arado, quen atendeu a casa e o gando, quen despiollou as testas dos rillotes antes de iren á escola. A gasa da memoria non oculta quen fomos un día de hai cen anos, e velai estamos os da Paradela, como a xente toda das parroquias, amosando a fachenda de recoñecérmonos como xente dun lugar que ten pasado.

O Instituto de Estudos Miñoranos só fixo de ponte no río da memoria colectiva, porque a vontade comunal é a que nos leva. Grazas a cantos colaboran neste labor de veciñanza.

Instituto de Estudos Miñoranos





8 **A**lgo de fachenda no protagonismo motorizado? Sen dúbida, pero é un prezo digno e cativo para a magnitude da magnanimidade. Porque o Tío Manuel foi a América e volveu con facenda e xenerosidade abondas para espallar un orballo de ilusión nos corazóns de moreas de rapaces e rapazas que esmorecían nas aldeas na rutina dun ruralismo sen oportunidades. E esa ilusión infantil modelada cunha formación activa é preludio de futuros innovadores, se non se racha o tempo. Malia a fenda!



**A**o trote, lixeiriño, de vagar como o tempo... Vas facendo camiño na túa diaria xeira. Ela, en pé, con forza agarimosa mentres avanzas sen te deter: busca o teu horizonte meu amigo. Non haberá progreso que te venza nin tractor que te substitúa.



u, Paraboa. Hai que deterse. Pé do Couto. Riba da Mourisca. Ollando longo para val e río. Ás costas, o húmido e frío aveseado do Pegonegro.

Ou, Paraboa terra de fartura. Sempre ao sol. Hai que deterse. Casa grande. O Carne, 1901, gravado en pétrea lumieira. Tempo de sementeira. Pés de viña traballada, cachada ben fonda; amada sobre graníticos esteos; atada con flexibles vimbios sobre cuadriculares armazóns de canas, xugos e paos; podada por habelenciosas e rexas mans que manexan con arte podóns e tesoiras.

Ou, Paraboa. Hai que deterse. Chegou o Lucas. Vén coa máquina ao lombo dende A Torre, virou polo Fouco, fitou para Zapa, subiu polo Pedrouco para retratar o momento. Compón o escenario. Pousado o milenario arado, labrado o temón, con tino, do mellor carballo da fraga de Regodauga. No centro, o humano protagonista terma da rabiza. Os guías, ao pé de cadansúa xugada. As mulleres con mandil e pano ben aquelado. Ata os bois obedecen remelando o ollo.

Ao fondo unha enloitada oculta contempla a escena hoxe imposible. Quedan ergueitos o hórreo e a casa ensombrecida por unha enorme camelia. Agardamos que perdure.



"Vientos del pueblo me llevan  
vientos del pueblo me arrastran  
me esparcen el corazón  
y me aventan la garganta..."

(Miguel Hernández 1937)

un lugar, neste lugar, ao cal me atan unha serie de recordos que conforman o meu presente e levan a esencia do meu futuro, están as miñas orixes conscientes.

**N** Lembranzas de cando era nena e percorría o camiño á igrexa para escoitar a misa dos domingos. Xogos, soños e charlas polas súas rúas que me levan a quere-lo e a soñalo. A botalo de menos, pois, se aparece a distancia e reverencialo na miña mente.

É cando estás lonxe e convives con outras xentes, outros costumes, outras paisaxes, percorres outras rúas, cando na túa forma de ser e na túa vida está sempre presente, falas cos teus amigos e dis, como lle escoito moitas veces a un dos meus imáns: "vou ao meu pobo", "no meu pobo hai", "no meu pobo faise...". Parecería que o máis fermoso e o mellor está nel -así fixo Juan Ramón Jiménez camiñar o burriño Platero polo seu Moguer natal-, porque unha está impregnada destes recordos de xuventude que os fan inesquecibles e evocadores na distancia.

Di Raimon nunha das súas cancións :

" ...qui perd els orogens  
perd identitat..."

A miña identidade confórmaa, entre outras moitas, esta imaxe.







Na década dos 50, e na parroquia de Donas, constituíronse varios talleres de cestos de vimbio, nados ao abeiro dun mestre cesteiro natural desta mesma parroquia. Era un tipo de cestón que se dedicaba de xeito exclusivo para a descarga do peixe fresco que chegaba aos nosos portos dende distintos caladoiros (maiormente o Gran Sol), así como de barcos que faenaban ao día.

Construíanse basicamente en catro medidas, dependendo da súa capacidade, para 40, 60, 80 e 100 kg (mediase a súa capacidade en quilos porque resultaba un pouco contradictorio medir en litros uns recipientes de vimbio). A súa forma era rectangular no fondo e cónica na súa estrutura vertical. Facíanse con vimbio grosso para conseguir unha maior resistencia, que axudase a soportar as duras condicións de traballo a que eran sometidos nas cubertas dos barcos.

Estes talleres nun principio estaban formados unicamente polo propio dono e un axudante, pero o éxito destes cestóns de vimbio na industria pesqueira era tal que a demanda se disparou (comezáronse a vender tamén para as Illas Canarias e para o País Vasco), obrigando a estes artesáns a aprender a novos cesteiros para contratalos como empregados e poder así facer fronte ao mercado.

A materia prima en principio mercábase porta a porta por todas as parroquias do Val, estendéndose pouco máis tarde ás parroquias de Vigo, Tomiño, O Rosal, A Guarda, etc. Máis tarde houbo que recorrer á zona de Peralta, en Navarra e a Cuenca. Por último, case que toda a produción era de colleitas propias dos cesteiros.

Na foto podemos observar un dos pioneiros desta arte na parroquia de Donas, José Moreira Rodríguez.



O sol morno e borreiroso da tardiña vai grafando docemente as súas pegadas donas sobre a madeira da cancela, sobre as areiras do valado vilaza, sobre a pedra, sobre os rostros morgadáns e solemnes dos homes, que aguantan nas bestas peitieiras, e sobre o longo, firme e compacto cuarzo dos cornos vincios dos animais. No tacto irredutible deses vincios cornos, na súa textura amañufada sen fisuras, está o espírito granítico da terra, ese sabor chaín que apousenta coma un couso sobre as cousas e rebenta nas olladas mansas das bestas, as que se desfán na luz coma a mica no aire naquel tempo de millo e pataca, cando a emigración asubiaba, incesante, co seu gong do mar.



Fermoso río Miñor que nos poderías  
contar:

Están lavando no río  
nunha tardiña de Santos  
hai paxariños cantando  
inda que xa non hai tantos.

As folliñas neste tempo  
van caendo amodiño  
baixan debuxando ondas  
alfombrando o camiño.

En cada recuncho do río  
hai lavandeiras lavando  
ao son das súas cantigas  
as sabas van deluvando.

Baixo os arcos da ponte  
xa non cabe unha agulla,  
pon a súa roupa a clareo,

esta noite enche a lúa.

A vida da muller labrega  
non ten parangón  
lava cando descansa o home,  
estea cansada ou non.

De xeonllos nunha pedra  
e coas costas dobradas  
cantan as lavandeiras  
de rapaces rodeadas.

Canta lavandeira, canta  
e non deixes de lavar  
que os arcos desta ponte  
nunca te han deixar.



N o albor do século XX, peiteadas, lucindo as súas mellores galas, coas mans brancas sobre o colo, de distintos xeitos, que nisto tamén se notan as clases. Damas da sociedade dunha vila que medrou arredor do señorial pazo do seu conde. Mulleres que asoman en procesións, misas, novenas, devocións varias... protexidas, vixiadas.

As vosas inqedanzas de igualdade durmidas, esquecidas, aletargadas.

Soidades que se xuntan, tristuras que se atopan; solidariedade de mulleres... protexidas, vixiadas.

Arredor de San Bieito asomades tímidas, anunciando que existides, baixo a atenta ollada de quen controla, censura, vixía... E vós, miñas donas, de ollos tristes pero firmes, por onde asoman as vosas almas de mulleres, vivides entregadas ao soño de acadar o paraíso. Devotas submisas, sen deixar de cumprir tódalas leis que vos someten: as dos homes, as de Deus e tamén as non escritas.

Mulleres nais, mulleres fillas... todas elas vixiadas, todas elas protexidas.







U nha vez máis o enxeño é froito da necesidade. A diferenza do que a maioría de nós pensamos hoxe, os cans foron noutra época animais produtivos, entendéndose como tal útiles para a caza, o pastoreo, a garda, etc..

Este concepto mudou co paso dos anos, sendo hoxe un animal, para moitos, fundamentalmente de compañía.

Probabelmente a persoa da foto e o can que aparece nela estiveran perfectamente compenetrados, sendo, neste caso, útil e compañeiro simultaneamente. O cadelo parece estar orgulloso do labor que desempeña e o home, pola súa parte, do seu enxeño.



E

ntre a finca do Dr. Salgueiro e o portal do Café de Lis, un ciclista loita contra os lastros que empedran Ángel Urzaiz e todo Gondomar. Hai follas na viña e están frescas; unhas redondeces difusas ben puideran ser acios grosos, típicos de setembro. É un día anubrado -non hai sombras- e con pouca xente. Os homes andarán na anqueira ou na tasca; as carreiras daquela eran só unha rareza. As mulleres, de idades varias, e un neno alí captados levan roupa de día de festa. O rapaz semella Guillermo Brown, ese que ilustrou Thomas Henry nos libros de Richmal Crompton. Só el se atreve a sentir na súa cara as turbulencias de aire suorento do corredor. Unha parella afástase da escena; a nena vira a cabeza para ficar inmortalizada nunha foto, infrecuente daquela, mentres súa nai a leva.

Case todo o inanimado segue aínda aí: casas, valo, caneiro, follas de madeira do portal; o empedrado de lastros foi sepultado polo asfalto. Mataron a viña, cortaron a árbore chantada na calzada; a palmeira, daquela nova, é hoxe madura. A mula e o gato agochado baixo da súa barriga, a labrega mirando que non se desmande o animal co troupeleo da bici e o resto das persoas estarán todas mortas; agás, se cadra, a nena que hoxe se volve para nos mirar outra vez.

Este texto é un brinde polo ciclista que coou unha foto na historia; unha imaxe de vidas pasadas, de lembranzas arroladas en memorias perdidas, que podería despertar outras memorias. Ese sería o maior triunfo do ciclista anónimo. As nosas avoas e avós alegráranse ao revivilo se len este libro.



O feito relixioso, asociado en cada momento histórico en maior ou menor medida ó sistema político dominante en cada época, marca, ó longo da historia máis recente do país, toda unha doutrina de actitudes, hábitos e condutas do pobo nas súas capas máis populares. Lugar de reunión para os actos, celebracións e cerimoniais da vida espiritual nas súas nobres e pétreas construcións, foi tamén centro de reunión social para a veciñanza nos seus arredores: os adros e torreiros foron e son mudas testemuñas das máis variadas manifestacións festivas das nosas vilas, parroquias e aldeas nas troulas da nosa mocidade. Bendas, murgas, charangas, gaiteiros... animaron os sons da nosa música tradicional nos días de festa e de romaría e contribuíron de xeito decisivo ó asentamento das raíces da nosa cultura máis fonda.



en dúbida poucas pontes como a de Mañufe teñen tanta historia nas súas doelas, e tantas historias por contar, aínda que hoxe só o abandono fale por ela. Xa case que non me lembro da súa forma orixinal, cos seus arcos de pedra todos ao descuberto e co seu petril no sitio. Preto de mil anos marcando o crecemento da parroquia e unindo a xentes de afastados lugares e diferentes condicións. Unindo dúas beiras que se xuntan no Lugar dos Acordos.

Paso obrigado para os romeiros que, cada 3 de febreiro, coas súas ansias e a súa fe acudían ao San Brais a pedirlle a súa intervención nos males da gorxa, sen renunciar á romaría e a un bo xantar onde o porco era o protagonista principal, que por algo o santo escolleu o seu día en pleno inverno.

Pasaron os séculos e chegou o progreso, e con el veu o fommigón e o ferro, e por se fose pouca a afronta cegáronlle varios ollos para que non o vise. Sábeo ben o río Miñor, que cada inverno coas cheas ten que saltarlle por riba nun exercicio tan absurdo como infame.

Oxalá lle veña pronto o siso aos nosos gobernantes e nos traian o verdadeiro progreso. Un progreso que respecte o pasado e saiba construír o futuro, pois ao cabo de mil anos Mañufe ben merece unha ponte nova.





A reconversión fixo que ficaras sen valor, mais prosegues a amolar coa túa presenza, freando pola forza a rota da vida, agochando nas túas entrañas grande parte das lendas e historias de lecer que dende a noite dos tempos nos axudaron a vivir e mais a ser. Até fuches cómplice muda e involuntaria doutra sorte de agochamentos, mágoa estares tan preto do Pego Negro, pero non podes confesar, porque ti non dis nada, non tes son e non gostas de falar, mais non podes evitar o ruído da rota da vida, do río, si, falámosche da materia que ti precisas para seres útil e nomeas auga en singular, mais nos sabemos que non é soamente iso, non, son multitude de gotas que teñen o teimoso costume de pensar e analizar, aínda que ti con algo contabas, e por aquilo de que " máis vale un por se acaso, que un quen o soubera", dotácheste de aliviadeiros, moitos non, só faltaría, xa que logo ¿que raio ías pintar tí?, ¡iso de ser freo e non poder aproveitar a forza do que encoirabas non era o desexado!, así é todo as túas previsións non foron dabondo e xa só é cuestión de tempo, tí tamén o sabes, mais nada podes facer, unhas gotas fóronse polos aliviadeiros, outras, se acaso desorganizadas, por onde puideron, e as máis, daquela ben organizadas, fóronse introducindo no teu cerne, e ¡tal era a simbiose! que non puidesches evitalo, e paseniñamente fóronche esparexendo, e quen te erixiu deixoute soa, e mágoa de ti, soamente es a obra e non o facedor, e xa se sabe que pasan as persoas e fican as ideas, pero só as boas.

No canto de ser un pántano, es unha pantasma, e vagarás porque non es quen de te arrepentir e pedimos perdón.

Cantas esperanzas espertaches entre quen te acordou e quen te segue a sofrer, mais agora rematas tal como se foses unha noxenta lápida da imbecilidade do Sistema, si, iso que din progreso.

Seica Gondomar xa non ten problemas co subministro eléctrico, ¡quen o diría!



Imposible non sucumbir á nostalxia cando nos topamos de golpe co pasado. E refírome en concreto a esta fotografía da rúa Urzaiz, testemuña de tantos encontros e de tantos xogos de nenez para varias xeracións de gondomareños.

Ó fondo pódese ver a Casa do Concello, unha edificación emblemática para os veciños deste municipio.

A súa construción data do 1840. Medio século despois -durante este tempo acometéronse varias reformas-, sendo alcalde don Constantino de Lis y Bea encárgaselle o proxecto de ampliación e reforma ó prestixioso arquitecto Jenaro de la Fuente, autor de importantes obras en Vigo. Este, entendeu o edificio como “sencillo, aunque esmerado en su género”. A conclusión desta obra non se faría efectiva ata principios do ano 1906.

A última das reformas tivo lugar hai algo máis de vintecinco anos co obxecto de adaptar as instalacións ás necesidades do momento, iso si, respectando escrupulosamente as fachadas.

Hoxe, principios de 2005, segue a ser un edificio fermoso, elegante e con personalidade propia que imprime carácter á nosa vila, aínda que insuficiente para albergar tódolos servizos que na actualidade demandan os gondomareños. A construción dunhas novas instalacións con capacidade para albergar todas e cada unha das dependencias é algo no que todos os que temos responsabilidades políticas estamos de acordo. O acordo tamén é unánime á hora de decidir a conservación do edificio tal e como está para dedicalo integramente a espazo cultural e de ocio.

Ó longo de todos estes anos foron moitos os alcaldes que pasaron por estas dependencias. Teño a seguridade de que, con erros e acertos, todos quixeron o mellor para Gondomar e traballaron para que a nosa vila chegara a ser o que é hoxe, un exemplo de benestar e prosperidade, onde, é mérito de todos os gondomareños, as relacións persoais seguen sendo un valor en alza.

Gustárame, con esta nostálxica postal, recordar a todos os meus antecesoros e agradecerlles profundamente o tempo que dedicaron ó engrandecemento da nosa vila.

Coa mesma mando os parabéns ós veciños de Gondomar por saber compaxinar tan ben tradición e prosperidade.



ontoume...

**C** Do carro tiran unha rubia e unha marela; meu pai é o que colle polo corno a rubia.

O da

aguillada é meu irmán maior.

Recordo que fixera había dous anos a primeira comunión e ía o carro moi cheo de centeo coa súa palla. Meu pai deixoume voltar subido enriba e comigo subiu a Rosa que era, sen selo, criada. Andaría ela polos vinte anos. Eu, sempre que podía, metíame entre as súas saias e ela, se non nos vía ninguén, consentía.

Aquela tarde, co solpor, perdín a inocencia e tamén cometín o peor pecado do que nos falara o señor cura, mais non me importou nunca máis seguilo cometendo.



## EMILIO GARCÍA CREGO

Louis Bernard Benedit e a súa dona Rosalía Alonso, nacida en Vincios, veñen a Gondomar, desde Bos Aires, en 1908, coa decisión de iniciar unha nova vida. Constrúen esta casa e montan un negocio de ultramarinos e téxtil. Tiveron unha filla á que chamaron Luísa. Rosalía morre coa gripe de 1918. Do seu home, o Francés, non soubemos máis.

Luísa casou con Rodrigo Muíños, fillo de Remigio Muíños, secretario do Xulgado, a quen lle deixou cedida ou en alugueiro a vivenda, pois eles marcharon a Vigo, onde Rodrigo tiña un negocio.

Remigio Muíños, casado con Benita, era pequeno, delgado, de poboado bigote e din que un pouco rabudo. Seica cando algunhas mulleres ían rexistrar os fillos que non coñecían pai, puñalles o nome que lle daba a gana. Frecuentaba a Casa Aquilino, pedía dez céntimos de viño e unha chica de pan, onde compartía tertulia co mestre Enrique Rodríguez Márquez e con Pablo Nieto, avogado sen título pero ben dotado para a profesión.

Outra filla de Remigio chamada Mercedes, casou con Angel Rúa, garda civil de Gondomar. Antes de casar, namoraban no portal da panadería de Laureana Valverde Prado. Anos mais tarde o matrimonio marchou para Tarragona e Barcelona.

Luísa Bernard, a filla do Francés, vendeu a casa a Domingo "Paulino" Pazos Alonso, un republicano que cada 14 de abril izaba a bandeira da República no balcón da súa casa de Vincios. Sábese que ise día de 1933 deron un mitin dende o balcón Alfonso R. Castelao, Valentín Paz Andrade, Victoriano Taibo (mestre de Morgadáns) e Cesáreo Feijoo Soto (mestre de Vincios). Paulino marcha exiliado no 1937. Ata ese ano o baixo da casa do Francés estivo alugado á Escola Pública para rapazas.

A vivenda foi alugada á modista Matilde de Saa, chamada a Latoneira. En 1938 alugaron Carmen e Marina Hermida Salgueiro, as Cirilas, de Chaín, de preto da capela da "Soledad"; puxeron un negocio de confección ata 1955.

En 1946 Paulino vende a casa a José Fernández Moreira, o Mineiro, e a Dorinda Rodríguez Pazos. Alfonso Fernández Rodríguez herda a casa. Nela viven Alfonso Sestelo e Esperanza Fernández os anos 1953 e 1954. Alúgaa en 1955 a Eladio Costas e Josefa Pereira, que viven nela ata 1980. Alfonso nomea herdeiros á súa avoa Esperanza Moreira Rodríguez e á súa filla M<sup>a</sup> Celeste Fernández Carrera, que é quen a ocupa actualmente. O baixo da casa está alugado desde 1988 a Jorge Ríos, propietario da pastelería-confitería







" R apaces do meu tempo", diría meu pai. Preparados, seguramente, para iren á festa, ao baile de Oliveira ou quizais a outra máis enxebre, nalgunha aldea próxima, reunidos arredor dun acordeón. Feliz actividade para quen traballan arreo, sen horario, seis días na semana. Felicísima para quen, non hai moito, volveran dunha guerra. Fasquía alegre, elegante, propia dunha vila avanzada no seu tempo. Olladas confiadas nun futuro prometedor.



Lembro, sendo eu ben nena, os meus veráns na casa dos avós de Gondomar. Entre as lembranzas está o bambán, situado diante da casa. Na praciña, onde a fonte e o palco da música, tiña lugar un mercado: froita, e mazás, ¡moitas mazás!. É o que máis destaca na miña memoria. Tampouco non esquecín os saborosos almorzos, coas riquísimas torradas do pan de Penisco. Fronte á casa estaba o Cuartel da Garda Civil, a miña maior ilusión era ver saír os cabalos montados polos gardas.

Os caseiros... Do que máis me lembro é de Benjamín, o maior daquela familia. Cando o ceo ameazaba chuvia, ficaba ollando ás nubes e dicía: “nena, a que vén aí vai ser gorda, pois mira arriba e verás que cantidade de nubes machos”. Tiñamos un can terrible, cun nome que facía honor á súa fereza: Nerón. Eu tiñalle tanto medo que cando o vía polo xardín lle suplicaba chorando a meu avó que me metese no hórreo, de onde non me movía ata que tiña a seguranza de que Nerón estaba xa preso.

Lembro tamén a tía Pepiña, Pepiña Peralba, a quen lle pediamos que nos amosara as fotos dos nosos tíos: Luis e María Rogelia, irmáns de meu pai Marcial Peralba. Recordo que os rapaces viñan algunhas noites darnos unha serenata ou charlar. Nosoutras (como de costume) pasabámo-lles, atada nun cordel, unha botella de cognac. E a tía Pepiña, que vivía no piso de embaixo, cortaba o cordel e quedaba coa botella, que segundo ela era para xente necesitada.

Anos atrás, cando iamos visitar o avó Joaquín, collíanos co bastón polo pescozo, a meus irmáns, Carmencita e Marcialín, e a min, e así nos aconchegaba para a aperta que con tanto cariño lle dabamos.

Algúns anos, na festa de San Benito meus pais levábanos á procesión. Non esquezo a calor que ía un ano.. pero nosoutras iamos moi postas, cos altos calcetíns brancos, e había que soportalo.

Sendo xa maiores, a visita obrigada que recibiamos ao chegar a Gondomar era a de Faustino Álvarez e a súa esposa Rosita: a tertulia prolongábase... A Faustino gustáballe moito como eu cantaba Unha noite na eira do trigo.

Nunha ocasión en que me fun examinar de Dereito a Salamanca, oín como uns universitarios comentaban que “o máis bonito que hai no mundo é Salamanca”. Eu dixenlles: “Efectivamente. Salamanca é berce de cultura, a Praza Maior, o ambiente que reina na cidade, as ganderías... Pero a Salamanca fáltalle algo, que se cadra nunca teredes”. “E que é?”, preguntaron intrigados. “pois que Salamanca non ten tranvía, e



emigración ten estas cousas: fabrica soños e fabrica vidas.

**A** eu era unha nena nunha aldea na galiza, todos traballando a terra no pouco sol e na moita choiva e soñando sempre. un bo día enchinme de coraxe e collín o barco e cheguei aló, traballando moito na pouca choiva e no moito sol e xa soñando menos.

despois compramos a casa e xa podíamos traer a outros paisanos, fabricar soños e fabricar vidas.

e viñeron moitos, e nós sempre traballando na casa, na fábrica, facendo cervexa, -como non?- fabricando soños e fabricando vidas para os paisanos de aló tamén. mais sempre chega o día da verdade cando menos o agardas; e a verdade pode estar escondida na cámara do fotógrafo que vén para un domingo de festa, unha comida ó ar libre, todos tan contentos e cos mais elegantes traxes.

mais entón eu espero que non capte a miña mirada distante buscando a nena e a aldea na outra cara da fotografía. que a emigración ten estas cousas, fabrica soños, fabrica vidas, mais fai un vivir na soidade e xa sen soñar endexamais.



ai imaxes que unha vez olladas non envellecen nunca.

**H** Hai imaxes dun tempo que sabes que nunca volverá.  
Hai imaxes luminosas, brincadeiras, infindas.

Luminosas coma roupa ao clareo

Brincadeiras coma as parroquias ambidextras para a choiva e mailo sol.

Infindas coma os campos de labranza na nosa memoria colectiva.

Case sempre son imaxes de mulleres.

A praza do Concello nun día de feira.

Imaxes petrificadas, de cartón pedra, de pequenos espazos infindos entre a xente e a autoridade. Espazo en branco de prudente distanciamento .

Un río de desconfianza entre nosoutros e a casa grande.

Ás veces varias imaxes aparecen xuntas nunha mesma foto.

E a composición non se esvae; é, se cadra, máis harmoniosa.

A ría de verde campiña entra ata a mesma praza; as mulleres posan, nun momento de quietude e complicidade, ao carón dos carros que as axudarán a cruzala. Carros como chalanas, varados no areal de pedra da praza.

Indiferente ao momento, unha muller tendeu a roupa ao sol.

As mulleres miran para a cámara. O fotógrafo sacou as mulleres coma complemento ao edificio, pero convertéronse, sen querelo, en protagonistas, un triángulo de vida que asolaga a imaxe.

O silandeiro edificio de xanelas pechas, cun mastro sen bandeira e sen vento, é omnipresente, pero fica tan lonxe!

Só as solitarias mulleres sentadas nas súas escaleiras o salvan do desamparo.

Indiferentes e diferentes a todo, os nenos miran ao obxectivo e rin.







As persoas maiores, tanto ten de onde sexan, sempre están dispostas a contarnos como era tal ou cal lugar cando eles eran mozos; onde, a que, ou con quen xogaban cando eran nenos. En calquera caso, independentemente de como os tratara a vida, comprácense explicando o moito que cambiaron as cousas, o que se podía mercar por un peso, ou o que costaba gañar unha peseta -aínda costa falar de euros-.

O caso de Gondomar non é diferente ó doutros lugares, e non é nada difícil atoparse con persoas que por idade e por vivencias teñen a memoria chea de historias máis ou menos reais. É unha ledicia escoitar narracións referidas a como se vivía nesta vila hai algúns anos. A maioría da xente fai referencias constantes e marcan un antes e un despois da chegada do tranvía. ¡Debeu de ser unha auténtica revolución! Dende a perspectiva de hoxendía costa imaxinar o que sería a vida dos veciños de Gondomar que tiñan que desprazarse a diario sen un medio de transporte axeitado.

Precisamente para axudar á imaxinación están as fotos. A través destas estampas podemos volver atrás no tempo e comprobar por nós mesmos os cambios de fisionomía das vilas, ou das modas na vestimenta. Podemos facernos unha idea máis precisa de como vivían e mesmo de como pensaban os nosos antepasados, e por suposto, podemos encontrar as nosas propias raíces. ¡É curioso! O valor ou mérito destes documentos gráficos é proporcional ós anos cumpridos. Cando un, ou unha, se vai achegando á madurez é cando máis presta recrearse no pasado, xa que adquire a capacidade de gozar do presente e mirar sen incerteza o futuro. Agora empezo a entender por que ós vellos lles gusta contar historias e lembrar tempos pasados e por que os novos non teñen ningún interese en escoitalas. So é cuestión de idade.

Se podes gozar con esta fotografía de Gondomar, ¡noraboa!, tes a sabeduría e a idade xusta que che permite gozar do pasado, do presente e do futuro.



50      e me pagasen por este leite que cada día carrexo os cartos que en verdade vale, podería mercarlle ao neno unhas tamancas novas e unha pizarra para ir á escola. E á nena un bo lenzo para facer unhas sabas que lle queden para o casamento. E levaría a miña nai a un médico de pago en Vigo para que lle mirase iso do peito. E poderíamos botarlle o tellado á casa. E mercar outra toura e un par de cochos. E co tempo habian acabarse estas longas camiñadas ata Vincios, de mañá cedo, co balde na cabeza e o frío nos dedos. E non tería que ir ás tardes no coche de liña ata Vigo para limpar a merda dos señoritos. E podería voltar o Eusebio e axudaríanos a criar uns netos que medrasen no eido e nas coutadas que lles deixemos.

Ai, leiteira, leiteira..., xa non lembras como remataba o conto?



Encol da túa, no seu momento, impoluta brancura, encoméndase a ti, mantel, en fuxidío  
intre, acoller viandas e bebidas que os teus honrados convidados compartirán para  
alimento de corpo e espírito. Serás sobado sumándote a acordeóns, saxofóns, botellas,  
garfos e cunchas de vieira, improvisado instrumental sonoro que tal cita demanda. Mais non che  
importa, pois o obxectivo acadouse.

Ollando esta fotografía non poden menos que rememorar aquelas tardes cos Pitucos, Nenés,  
Vaamondes, Barcielas e tantos e tantos outros, cos que percorríamos o Berbés e o Casco Vello,  
San Brais en Bembrive, os furanchos do Morrazo e Redondela, calquera lugar ao fin e ao cabo  
“que prestara”. Símbolo e baluarte defensor dunha tradición, unha cultura histórica, de  
resistencia, de vida e de gana de vivila.

A todos el@s, que o fixeron posible, e aos que sen dúbida aínda o manteñen nalgún lugar,  
súmome ao cantar:

Bota viño taberneiro  
taberneiro bota viño  
bota viño taberneiro  
que os de Vigo pra cantare  
temos que beber primeiro.



Hoxe en día, pertencer a un equipo de fútbol ou de calquera outro deporte é algo do máis corrente, mais eu sei de boa tinta que nos tempos que corrián cando foi tomada esta fotografía non era así. Por iso, ao ollar para estes rapaces, penso no afortunados que serían.

Naqueles tempos á maioría dos rapaces da aldea tamén lles gustaba o fútbol, mais nin polo pensamento lles pasaba o que sería ter unha equipaxe, xogar nun campo regulamentario ou mesmo ter un balón de coiro. Eles xogaban habitualmente nalgunha estrada con pouco tráfico deixando a pel en cada partido, ás veces literalmente, xa que moitos deles xogaban descalzos para non romper as súas zamancas e que logo lles quentasen o lombo na casa. Dábanlle patadas a unha pelota de trapo ou feita coa “vexigha” do porco, pero a ilusión e as ganas por xogar non llas quitaba nada nin ninguén.

Mudaron os tempos e agora os rapaces xa non teñen eses problemas. O que si que non mudou foron as ganas e a ilusión dos cativos por xogar ao fútbol aínda que logo, a medida que medren, todo se bote a perder.





**N**o Val Miñor houbo mestres que deixaron pegada. Un deles foi don Eladio Ferreiro. Fora director das Escolas de Mañufe e mestre en Borreiros. Vivía na Xunqueira. Era un referente, un personaxe da cultura. Para moitos dicir don Eladio era suficiente, non precisaba de apelidos.

Este grupo de alumnos e alumnas cos seus mestres non semella un grupo calquera. Parecen algo escolleitos. Os maiorciños de traxe e gravata. Os que están de pé, brazos cruzados coma o mestre.

Sete raparigas fronte a trinta e tres rapaces, as mulleres naquel tempo non precisaban ir á escola.

Todos serios, disciplinados. Posar para un retrato era un acto moi importante.



Quién sos vós?

Q Te acordás? Non era tempo de contos; nin carapuchiñas, nin belas durmintes, nin príncipes encantados. A foto foi o conto da miña infancia e elas as miñas heroínas.  
Quién sos vós?

Te acordás? Contame mamá, contame, pedía eu, e comezabas a historia: era día de festa e de baile. Sería un día feliz. E a vida non regala moitos. Ela devecía por bailar e aquel día bailou. Vela bailar aliviaba os corazóns. Bailaba ela e bailaba Donas, a terra, a vida mesma. Bailáballe o sangue, dicías... e a alma.

E a tía! Así era ela, dicías, firme e rexa, chantada no chan coma unha árbore milenaria, acobillo sempre de quen se achega. Ulía a traballo e a terra.

Quién sos vós?

Te acordás? Nunca esquecerei ese día, dicías. Rompin o colar e as perlas, dando chimpos, espalláronse polo chan. Tamén bailaban, clin, clin, clin... aínda podo escoitar os sons e as risas...

Quién sos vós?

Te acordás? No te acordás, no. Non sabes que estás de volta, na casa. A túa mente é area; nela nada permanece. Apagáronse os sons; non hai risas, nin olores, nin miradas, nin nomes, nin pegadas do pasado. Nada queda. Só area...

Quién sos vós?

Eu... Sei quen es ti. E mais elas. E sei quen son. Son Memoria.



O Gondomar C.F. naceu no ano 1914, e xa antes os máis novos e non tan novos xogaban ao fútbol na estrada cunha pelota de trapo. O auxe deste deporte axiña se fixo notar en todo o Val Miñor e Baixo Miño.

O primeiro partido oficial do Gondomar C.F. xogouse co Porriño C.F. A afección que había daquela moveu ao Conde de Gondomar don Gonzalo Fernández de Córdoba a regalar o Campo da Cerca, en Gondomar, para dedicalo ao deporte.

Corría o ano 1915 cando xorde outro equipo local, o Iris C.F., o máis testán rival do Gondomar, chegando a xogarse entre ambos equipos unha gran cantidade de partidos que reuniron a miles de seareiros. O Iris xogaba nas Escolas Pro Val e o seu presidente era don Manuel Rial.

A afección era tan grande que as directivas dos dous equipos tomaron a decisión de formar outro club chamado Valle Miñor. Despois xorde outro equipo chamado Industrial C.F. co seu presidente don Manuel Martínez "Luna". Xogaban os seus partidos en Lourido-Praia América.

Tiveron que pasar moitos anos ata que sendo alcalde de Gondomar don Francisco Alborés e presidente do Gondomar C.F. don Vicente Vázquez, estes comezan as obras do campo das Gaiandas, que significaron un custo aproximado de 40.000 pts. O campo foi inaugurado co partido Gondomar-Rápido de Bouzas o día 19 de maio de 1946, con triunfo final do equipo de Bouzas por 4 a 0.

O Gondomar C.F. na súa andaina chegou a ascender á serie A, quedando no ano 1955 campión de campeóns, sendo daquela presidente do club don José Núñez Sanromán.



A contemplación desta fotografía da voda de Carmen Pereira (familiar da miña primeira esposa Aurelita Salgueiro Espinosa) co daquela alcalde de Gondomar Manuel Martínez Pousadela, suxíreme salientar a felicidade deste matrimonio que durante tantos anos, dada a lonxevidade de ambos, gozou coa dita de contemplar como medra unha familia, con fillos casados e netos. Estoume a referir aos señores da finca do Avelar, de todos coñecida, hoxe ocupada por descendentes seus.

Recórdame aqueles tempos de tanta tranquilidade en Gondomar, hoxe por desgraza perdida. Como anécdota lembro un comentario do famoso barbeiro Laureano O Galán que, pensativo, ante a quietude e silencio da tarde, diciame: “Don Benigno, esta vila é un panteón”.

Perdimos esa tranquilidade, aínda que o progreso e o superior nivel de vida nos depararon ver como os veciños e moitas familias dos arredores, sobre todo de Vigo, propiciaron o crecemento de Gondomar coa construción de novas vivendas e recuperación doutras no medio rural, esperando que este desenvolvemento non impida a convivencia case familiar da que sempre gozamos.

Lamento que polas miñas dificultades visuais non poida identificar á xente da fotografía para facer uns comentarios máis amplos e persoais.

Coa saudade daqueles tempos, aproveito a oportunidade para agradecer a todos os gondomareños o trato cariñoso que sempre me dispensaron nos máis de cincuenta anos de convivencia con eles.







C

oñecida tamén como Casa da Couta, hoxe desaparecida, foi -durante moito tempo- un referente de Gondomar. Foi casa de comidas, punto de celebración de vodas e banquetes, nela despacháronse os billetes do tranvía, atendía o notario e cobrábase a contribución. Era base do transporte pesado, punto de encontro de pescadores e cazadores e berce onde descansaban os -daquela- escasos turistas.

Nesa casa nacín eu. Nela vivín a infancia e a mocidade e compartín traballos, ledicias e tristuras coa miña avoa Encarnación Amorín, meu avó Aquilino Sestelo e os seus nove fillos. Traballaron arreo para sacar adiante tan numerosa prole. As mulleres sempre se adicaron a traballar en Casa Aquilino, e os homes derivaron a súa actividade ao transporte, o peixe ou a fábrica de gasosas. Divina era o eixo da familia, substituta da miña avoa, cocifeira fabulosa, traballadora, deu todo de si, sen pedir nada a cambio.

O Nadal era unha festa en Casa Aquilino, na da Couta. Todos xuntos á mesa. Foron tempos de inmensa felicidade, de confraternidade dentro da "espartana abundancia" daqueles anos.

Tiña, na planta baixa, bar-restaurante; na primeira cinco cuartos, dous salóns-comedor, un baño e dúas espléndidas terrazas; na segunda planta sete cuartos e outro baño. Era dunha grande dignidade para a época.

Na porta, a cada lado, un banco de pedra; na parede, os ferros onde atar as bestas; a beirarrua, de pedra, e sobre ela unha viña con pés de albariño, vara encarnada, e, no fondo, mención. Debaxo unha morea das caixas de madeira para o peixe.

Apegado á casa, un garaxe, albergue dos camións, depósito do gas-oil, rodas e ferramentas, e que tamén era, ás veces, habilitado como comedor. A carón, o eirado, as cortes, a bodega, o forno de leña, a vaca, os porcos, a horta, e unha levada de regadío -a levada do Bravo- que logo de cruzar subteraneamente o edificio seguía o seu curso cara a Mañufe.

Os días de feira Gondomar experimentaba unha revolución: o Campo da Feira quedaba ategado de bestas: bois enormes, vacas, cabalos, gando ovino e caprino, e un mercado con galiñas, polos, roupa, froitos do campo e mil cousas máis. Neses días Casa Aquilino acollía á



Hoxe ao mediodía ninguén chamará a xantar dende a atalaia d'O Picoto ou dende os valados d'O Ripote, porque hoxe ninguén andará na leira arrendando o millo ou sachando nas patacas. A voz da Carne calará por un día porque o seu Pepe non baixará a traballar ás terras do Condado. O silencio da campia gondomarense verase perturbado só polos foguetes e o balbordo da rapazada, e polos pasodobres e as marchas da banda de música. Porque hoxe chegou o progreso á Paradela.

Trae máis bandeiras cunha lexión, para que se vexa ben, cantas máis mellor, máis progreso!, así rezaba no vello manual. No novo mídese pola cantidade, e sobre todo polo tamaño, dos valados que invaden sen compaixón as corredeiras e os camiños do País: Plan Galicia, CPTOPV, Deputación Provincial... "desculpen as molestias, traballamos para Vde.". Poucas cousas cambiaron desde entón, e o que menos, o ego e a teima dos "progresadores" por facerse notar.

Chegou o progreso como sempre chega a Galiza; escaso e improvisado... aló van oitenta e cinco anos e seguimos agardando polos semáforos na Avenida do Conde.



O C.F. Gondomar, fundado en 1914, tiña o seu campo nas Cercas, que naquela época presentaba o aspecto que vemos na fotografía, onde se pode apreciar aos xogadores, daquela os pioneiros do fútbol en Gondomar. Este terreo fora doado polo Conde de Gondomar para que os nenos gondomareños tivesen onde xogar e deixasen de facelo na estrada, o habitual na época.

Desta vila salientaron no mundo do fútbol nomes como Pepe e Ángel Hermida, que militaron no Real Club Celta. Anos máis tarde sería Nolete Copena, home destacado nas liñas célticas, que chegou a ser segundo máximo goleador. Dende 1944 deica 1955 sería Manuel Hermida Losada, que isto asina, coñecido como “Hermidita”, o que despuntaba como o perigo para as porterías rivais, sendo aínda hoxe o máximo goleador do citado club. Nos 80 Gustavo, xogador do Gondomar, tamén o será do Celta e do Deportivo da Coruña. Pero aínda que estes foron moi coñecidos, houbo moitos e bos xogadores que se formaron no club da vila, aínda que non chegasen a xogar na elite.

Hoxe en día, o C.F. Gondomar milita en Rexional Preferente Sur con ilusións de voltar á Terceira División. Nestes momentos preto de 200 nenos, en categorías inferiores que abranguen dos seis aos dezaioito anos, acoden decote ao seu adestramento coa mesma ilusión de antano.





Dende hai meses esfórzome por observar con atención esta fotografía. Véxoa unha e outra vez, dúcias de veces. Púxena ó meu carón no lugar onde traballo coa esperanza de penetrar nela e facerme con algunha da información implícita que contén pero non teño máis remedio que admitir a derrota.

Non conseguín saber a quen miran todos eses cidadáns colocados en formación case militar. Nin quen os dispuxo así. Tampouco coñezo a explicación de por que a maioría deles son xente moi nova. Non sei se o motivo da súa xuntanza está xa diante deles, se está por chegar, ou se son os reunidos os que se van a desprazar.

Será día laborable ou de descanso?

Non alcanzo a saber se a reunión ten carácter político, festivo ou socio-cultural. Non parece relixioso.

Algunhas destas cuestións e outras non formuladas quizais as poidamos intuír, e aínda é posible que alguén estea en condicións de poder explicalas. Polo que a min respecta, tomei a decisión de encamiñar o relato en facer un breve comentario do contido explícito.

Ó meu entender, cando o ser humano deixou de ser nómade para converterse en sedentario dalgunha maneira estaba a esbozar a idea de cidade que moi posteriormente terminarían por sublimar os gregos. Co paso do tempo a cidade converteuse na máis alta cota de civilización alcanzada pola humanidade, sendo da máxima importancia para a súa definición, principalmente nas cidades occidentais, o espazo urbano. Hoxe, despois de miles de anos e inmersos nun mundo moi globalizado, segue a ser este espazo, o espazo urbano, onde o individuo se comporta como cidadán. A praza, como lugar común, segue acollendo as manifestacións simbólicas, rituais e sociais dos cidadáns.

Isto é o que nos mostra a foto. Trátase dunha vista moi parcial da praza da Paradela, hoxe en día fraccionada nos xardíns Santos Peralba e a praciña Dr. Latino Salgueiro. Esta división destruíuna como praza. Non serve como argumento en contra a pervivencia do uso no lugar.

Validando o argumentado, penso que é necesario elaborar un estudo serio, un documento, redactado por persoas probadamente capacitadas, que consiga devolverlle á praza o seu carácter unitario, simbólico e fundador da Vila. Que o tivo.





embro o tranvía, ese vello coñecido, con nostalgia. Na metade do século pasado, o tranvía significou un elemento de modernidade e progreso para as terras do Val Miñor. Non soamente serviu para comunicar as distintas vilas e parroquias miñoranas entre si e estas coa cidade de Vigo, da que sempre dependeron estas terras, senón que, xunto coas empresas auxiliares dos estaleiros da cidade de Vigo, foi o dinamizador da economía miñorana, dando emprego a moitos dos seus veciños.

Mais o progreso moderno, mellor habería que dicir o progreso moderno papaleisón, matou o tranvía dun golpe. Matouno sen ter en conta que daquela o seu percorrido era un verdadeiro pracer, que o seu nivel de contaminación era moi baixo e que contribuíu ao emprego da bisbarra.

Ese moderno progreso papaleisón matou o tranvía sen unha análise de futuro. Hoxe en día, a supervivencia do tranvía, ademais de ser un especial atractivo, sería tamén un elemento para pór en valor económico e social as nosas terras do Val Miñor.



Non sabemos moito desta foto. Sabemos, si, que é a instantánea dun momento teatral vivido no Café de Lis, aló polos anos vinte. Diríase que a xente o estaba a pasar ben. Os actores e as actrices sempre reflicten o que pasa na cuarta parede. E aquí transmítennos que a xente se divertía. Non sabemos se se tratou dunha función preparada por un grupo de veciños de Gondomar ou se foi unha representación con outra orixe. O caso é que os momentos teatrais non naceron hoxe en Gondomar. Sen dúbida, o presente teatral na nosa vila é saudable. Aí temos, no outono, xa consolidado e con moito éxito, o Festival de Teatro Vidal Bolaño. E tamén un sólido grupo de teatro afeccionado, Vichelocrego. Pero o que a foto nos recorda é que non hai xeracións sen teatro.

Non sabería dicir cal é a substancia do teatro pero, cando menos dende que hai Historia, non hai grupo humano que non se ausculte, que non se represente a si mesmo, que non represente a súa propia existencia servíndose desta misteriosa arte.

No teatro empénanse os vimbios do espazo e do tempo dunha comunidade para devolver condensado, en actos en certo senso sagrados, aquilo do que a comunidade non pode prescindir: o impulso liberador da ironía, a reflexión colectiva sobre algunha contradición, a expiación dalgunha miseria ou calquera outra forma de catarse colectiva.

Da foto non sabemos practicamente nada. Pero si podemos asegurar que, no instante no que foi feita, había un grupo humano que purificaba as súas paixóns no Café de Lis.



76

urante máis de cen anos, o Café de Lis foi o centro da vida social da vila. Fundouno don José de Lis Rodríguez, fillo de Constantino de Lis y Bea, médico da vila, e de dona Romana Rodríguez de la Fuente. Tras o falecemento de quen fora alcalde e xuíz de paz rexentouno o seu sobriño Antonio de Lis e despois o fillo deste, José de Lis Costas, tamén alcalde durante unha longa etapa. Tras o seu falecemento en 1992, pasou a ser xestionado polo seu fillo José de Lis Fernández ata o seu peche en xullo de 2001.

Segundo testemuña dalgúns dos seus clientes máis veteranos, como José Quintas e Basilio Araújo, o Café de Lis era casino, centro de tertulia e reunión, así como escenario de diversas representacións. Lembra, o primeiro, a varios encargados: Celedonio, Alfonso Valverde, Ricardiño, Manolo Senra, de impecable caligrafía de "pendolista". Todos recomendados polo mestre de Mañufe, don Leopoldo.

Daquela, os veciños de Gondomar formaban unha pequena familia e no café reuníanse para charlar, xogar a partida, discutir, ler os periódicos ou simplemente pasar o tempo. Segundo contan, o propio don José, o fundador, non perdoaba a partida de todas as noites con Rogelio "Leré".

Relata José Quintas unha anécdota que expresa este ambiente de familiaridade. Un carteiro chamado Claudio Alves tiña un horto no que cultivaba verduras e hortalizas. Cando se decatou de que os seus melóns "desaparecían", ideou unha estratexia para dar co "culpable". Presentouse no café dicindo aos presentes que xa non tería máis problemas porque inoculara veneno nos melóns. Ao parecer, a algún dos presentes mudoulle o xesto, declarando así o seu "pecado".

O Café seguiu conservando o carácter de centro de reunión, de prolongación do salón de casa dos seus seareiros. O ambiente centrábase arredor da partida, que aglutinaba ás "forzas vivas" da vila. A gran mesa de billar europeo, unha rareza en toda a comarca, era tamén foco de atracción. Dos encargados desta última etapa ninguén esquece a Avelino, merecedor do cariño e respecto.

O Café tivo ademais o pracer de acoller a coñecidas personalidades como o escritor Torrente



Preparados, listos...! ¡Xa!

— ¡A rodar, a rodar, a rodar cabaleiros que un ten que gañar e o primeiro que chegue un porquiño vai levar.

—Sete voltas ó Concello temos que dar, imos pala cuarta ... e nin cos riles podo xa.

—¡Ai, costiaña! que dura es, mais para ser baixada terías que ir ó revés.

—Pensándoo ben, o porquiño prefiro perder, a ver se a próxima volta faise en bicicleta e un pouquiño a pé.

—Chegar, chegarei, aínda que cos pés no chan e a bicicleta pola man.

E como dicía meu pai: "Non te preocupes rapaz, o importante é participar!".

Ollando esta fotografía descubrin a similitude que ten o ciclismo coa propia vida. Desde que nacemos a nosa vida está suxeita a etapas: a nenez, a xuventude, a madurez e a vellez. O mesmo sucede co ciclismo; neste, o percorrido tamén se marca por etapas que hai que rematar para chegar á meta. Non sempre se consegue, pero sempre, queda a ilusión de volver intentalo, de non se render, de seguir loitando; pois, coma na vida, nestes percorridos hai grandes ledicias, grandes amizades, pero tamén dificultades. Só con moita vontade se poden rematar as etapas; e ó final a túa vida está selada polo teu propio percorrido. Non é preciso chegar á meta para ser feliz; o importante é que cada etapa colme a túa vida, ó igual que o ciclismo, entre outras cousas, colmou a miña.





80

A memoria é xa unha gasa case que transparente. Os fíos xa non parecen tal e as fronteiras entre o vivido e o contado esvaecen, fúndense nun cendal tenue, cálido coma o recordo amable deses anos. Ti non estabas na foto; andarías por aí a xogar, non tiñas idade aínda para facer de dama. Era uns anos antes de que a bandeira do palco mudara pola tricolor. A República había de traer o voto ás mulleres... e tantas cousas, logo perdidas. Elas agardaban velando baixo o aloumiño do sol en sombra dos quitasoles.

Era unha carreira de cintas. Os forzados cabaleiros, montando pesadas bicicletas, logo de daren varias voltas no campo das Cercas enfilaban a portería e ensartaban coa súa lanza nos aros das fitas veiras de seda.

Logo viña o galardón: el cinguillale a cinta e ela facíalle un gran prazer.



Velaquí unha bela imaxe onde un día foi leito da nosa ría, entre o primitivo Portón do Condado e a actual Casa do Concello construída a principios do século XIX sobre o Cuncheiro e as rochas alí soterradas.

Naceu no ano de 1914 o máis antigo lugar deportivo da comarca, por doazón de don Gonzalo Fernández de Córdoba, avó do actual conde... “para que los jóvenes de la Paradela no tengan que jugar en la vía pública”.

Na foto, as orgullosas facianas dos xogadores son testemuñas dos nosos predecesores e a súa vestimenta denota a vetusta “moda” deportiva.

Posiblemente a posterior e reconfortante ducha, tras a súa infatigable loita futbolística, sería nas augas da inmemorial fonte de Santa Ana, hoxe desaparecida.

Así naceu o Gondomar Club de Fútbol. Que tempos aqueles...!



**S**eguir a senda do xabarán, descubrir a pegada, a bosta, a enfouzada, o fochanco e finalmente o cavorco, entre un mundo de olor a almizcle. Telo na man, cercado, acurrallado, arrodado de olores humanos e... deixalo marchar, cos raións bacoriños a seguir, a pasiño, case ao trote. Velo arramplar co mato, coma se dunha lene cortina de fume se tratara, abrindo paso e desaparecendo fundido coa maleza, abrindo unha nova senda, un camiño onde non o había, pero que, nese momento, lle deu a alternativa de seguir adiante e non tripar a eses macacos brancos. Abrir a man e ver 100 paxaros voando, eis o camiño aberto cara a un futuro incerto.

O Val, Terra de valentes humanos que debido ao acurrallamento de cada momento decidiron sobrepasar a cortina que supuña o Atlántico, ou a Canda e o Padornelo, segundo se mire. Decidiron mandar facer aquí o que eles non tiveran, o que os de aquí non tiñan, o que as administracións e o poder non aportaban. Cantos cemiterios se abriron, cantas escolas, e a música e a roupiña limpa e os zapatos e as festas... e canto duraron, canto duran, e canto durarán algúns deles coa lenda da Unión dos Fillos pendurada dos muros con todo o honor que merece.

Alguén diría con humor que estamos ante a recreación do naturalismo finisecular, o Doutor Livingstone de palleiro, supoño. Outro máis que é a estampa paramilitar da lexión galega, coa mascota arremedando ao cabrón castrense de Millán Astray e a súa santa compañía de morte. Eu vexo uns aprendices de aventureiros a abrir senda, atrás do xabarán.

Mais, agora co monte case abandonado, deixádeo vivir. Aínda que vos estrague o millo, deixádeo vivir!. Quen senón vai manter abertos os nosos camiños?, quen dará paso á aventura, á ilusión, a liberdade nesta terra onde xa nin marchar se pode?



A lá polo 1890 iniciou a súa actividade de panadeira a avoa de Carmen Copena, Mucha Copena, e dende aquela ata os nosos días teñen pasado varias xeracións coa mesma mentalidade daquel día de finais do século XIX. Con certeza é este un motivo de satisfacción para toda a familia Copena e de orgullo para Mucha.

A rosquilla á que facemos mención ten a súa orixe en Ribadavia, lugar de nacemento de Antonia e Esperanza Araújo, avoa e nai de Mucha Copena. Na foto, que data de 1960 aproximadamente, vemos a Pepe do Chiquirrichi á beira de Mucha, nun momento do proceso de elaboración da rosquilla nas antigas instalacións da panadería. Na década dos 60 este proceso era totalmente artesanal. Hoxe, en troques, a mecanización facilitou moito a elaboración do produto.

Non cabe dúbida de que todos relacionamos a rosquilla cos festexos populares. De feito, a súa comercialización era case en exclusiva nas festas e romarías dos lugares, con aqueles ganchos que cumprían a función das bolsas de plástico de hoxe.







M oitos de nós precisaríamos máis dunha película para poder imaxinar que os coches voarían no ano 2000, pero moitos dos nosos fillos quedarían atónitos ao coñeceren que hai arredor de 50 anos non había en Gondomar moitos máis coches que os de Moisés Villamarín. Estes coches eran alugados polos habitantes de Gondomar (como facía Mucha Copena na fotografía) para ser usados como transporte público.

Segundo a matrícula do coche que podemos apreciar na fotografía, na provincia de Pontevedra non habería daquela moitos máis de 6351 automóbiles.



Oitenta son, aproximadamente, os anos que me separan desta foto. Entre ela e eu só hai un punto de unión: o home con sotana que está no centro... ¿...que quen é?, pois o meu tío bisavó, é dicir, o imán da miña bisavó, tío avó da miña nai, en definitiva, o Tío Vicente, don Vicente María Fernández Míguez, abade de Santa María de Oia e Baiona, entre outras.

Ó igual que na foto, este home ocupou un papel central na historia da miña familia materna. Sen ser pai biolóxico de ninguén, era o pai espiritual de todos. Non había na familia casamento nin bauticeiro que el non bendecise.

Hoxe en día, setenta anos despois do seu pasamento ¿que pensaría este home ó levantar a cabeza e ollar que o cura, o mestre e o médico xa non son os que máis saben no pobo?; ¿que diría das continuas saídas dos seus colegas de profesión de dentro dun moble ben coñecido por todos nós?; ¿que sentiría ó saber que os pais espirituais están en decadencia e agora o que se leva son os pais repetidos?... Non sei... pero quizais desexara agouchar de novo a cabeza e volver a dormir polos séculos dos séculos, amén.



A última vez que Herminia puido falar en persoa con Ramón foi un sábado de gloria, despois da misa. Tiñan previsto casar no verán, pero houbo que trasacordar. A Ramón chamábano a filas. Disque non lle valera ser fillo de viúva para librar. E tomara unha decisión: antes de ir pegar tiros, fuxía para o Uruguai. Consolou a Herminia prometéndolle que en menos dun par de anos lle mandaba a pasaxe para casaren en Montevideo con orquestra e champán.

Herminia chorou aquel día e seguiu a chorar moitos máis. Ramón escribíalle cartas que empezaban e acababan sempre igual: “queridísima Minucha”, “a ver cuando me mandas tu retrato”. Herminia nas súas contáballe cousas da aldea. E así pasou o par de anos, e logo outro e logo outro, con cartas indo e vindo. Á rapaza saíulle algún pretendente, pero ela sempre se mantivo fiel ó seu Ramón, a pesar dos consellos da nai. Un inverno a rapaza, que xa non era tan rapaza, colleu un aire que a deitou na cama e na primavera seguinte morreu.

Na mesma noite do pasamento, a nai de Herminia e o señor cura leron todas as cartas que o Ramón fora enviando. Para o outro día, a nai mandou vir un fotógrafo de Gondomar para facer unha foto da defunta antes do enterro. Logo meteu a foto nun sobre de avión e botouno no correo cunha nota para Ramón onde lle dicía: “Non lle escribas máis cartas á queridísima Minucha, que decidiu marchar para Montevideo pola súa conta. Aquí che vai o retrato”



Despois que os foguetes romperan o silencio por última vez e deixaran unha nube de po co seu cheiro a pólvora queimada, anunciando a fin dun tempo e o inicio doutro. Estas posiblemente son as últimas, as derradeiras festas dun pasado; as seguintes xa son as do futuro, distinto, posiblemente mellor, pero sen dúbida ningunha diferente.

Virán unhas festas:

-Anunciadas con pancartas, con publicidade comercial.

-Con lucerío eléctrico e abundante.

-Con palco portátil en remolque de camión con equipo propio de amplificación de son e xogos de luces e fume a ritmo de música moderna.

-Con casetas e tómbolas ofrecendo as súas mercadorías.

-Con postos hostaleiros, cheirando a polbo, sardiñas asadas, churros e distintos froitos acaramelados.

-Con bandeiras de distinta cor, e non como as que aparecen na foto, todas de España. Una, Grande, Libre. Para que non quede dúbida ningunha de quen manda.

Un futuro a toda cor e non saamente en branco e negro, e sobre todo un futuro con moitos máis foguetes que agora, pois unha festa que se prece ten que ter unha forte tirada, e ademais os das parroquias veciñas de ningunha maneira poden tirar máis ca nós.







ix a debe haber cereixas!  
Tódolos xoves, corenta días despois da pascua,  
soaban as campás,  
ondeaban as bandeiras,  
e o adro enchíase de xente, os nenos corrían  
pero aquel xoves era distinto..  
¡Son os Remedios!  
Chegara un tal "Milio",  
viña das Américas, comprometerase  
a servir a festa.  
Debeu emigrar de moi novo,  
como moitos... Son cousas que che quedan gravadas...  
Para aquel día dos Remedios encargou  
unha comida para convidar á súa familia e amigos.  
Íamoslla servir no adro.  
Estábamos chegando,  
coas cestas de comida na cabeza,  
que sorte! Ese ano non choveu..  
¡Son os Remedios,  
xa debe haber cereixas!



pa! Esperade un anaco; poñédevos xuntos que vos quero sacar unha foto. A ver; o home  
**E** no medio co rapaz a seu carón; as dúas mulleres á miña dereita e as rapazas á  
esquerda; os nenos coa súa nai e apoiados na cadeira. Collede os mallos para que se  
vexa a faena que ides facer.

¡Carallo! Eu vou levantar o mallo.

Si, levántao pero xirao un pouco para mellor mostrar. Aí, Aí... ¡Con este plano do cadro vai  
semellar que queiras dar unha badalada! Xira tamén un pouquiño a faciana para que non te tape o  
mallo.

¡Xa está!

O fotógrafo liscou. Logo, souben que aquel mediodía o sol era de xustiza; a luz cegaba ós  
nenos. A cuadrilla de traballo resgardábase da insolación coas roupas e con sombreiros de palla;  
os pés, espidos.

O traballo era duro, pero cando apreta a fame hai que traballar arreo. O adro de San  
Cristovo de Couso serve de eira; os chorros de suor escomezan a escorregar polos corpos. E  
veña; malla e malla nos feixóns que farán un bo cocido e permitirán gozar dunha cumprida cunca  
de caldo de sobremesa aínda que, por riba, non se poida tomar tinto para non roncar de morto.  
¡Iso dicían!

No solpor, e coa faena xa rematada, os corpos estaban cansos, suorentos e ateigados de po.  
Tocaba lavarse, aínda que, daquela, as condicións de vida e a hixiene eran o que eran.

Por sorte, algo mudou. Para algúns, aquela adversidade da posguerra está lonxe; para outros  
persiste e o remedio é a perseveranza na loita por un mundo mellor repartido.

Por certo que tamén mudou a espadana da igrexa.



Cando me pediron pórllle un texto a esta fotografía, miles de gratas lembranzas inundaron a miña memoria xa que era a casa da miña bisavoa. “Villa Esperanza”, máis coñecida como a casa-escola de Vilaza porque no seu baixo tiña lugar esta actividade por expreso desexo dos irmáns emigrados que a mantiñan co seu espírito filantrópico e xeneroso. Era para min unha ledicia pasar uns días alí, facer pan de millo, xa que me deixaba amasar e meter o meu bolo no forno, ir ao pozo quitar auga co caldeiro para botarlle á roupa que estaba ao clareo. Reteño a súa imaxe na miña retina, vestida de arriba a abaixo de negro, pero cunhas enaguas brancas como a neve e cunha verza debaixo do sombreiro para refrescar a cabeza. Tódalas tardes subía a casa a mestra dona Elvira tomar café con malte e rosquillas, que a bisavoa facía e bañaba en mel, e púñanse a carón da radio a escoitar as noticias.

Lembranza especial teño das noitiñas cando iamos para a cama; o que máis me gustaba era deitame con ela, collida do seu brazo, rezando o rosario e escoitalle aquelas historias, que eran certas, pero a min parecíanme contos.

Aprendeiu a ler e escribir grazas á axuda das mestras que vivían con ela e que, ao principio, líanlle e escribíanlle as cartas intercambiadas cos seus irmáns primeiro, e cos seus fillos despois, que tamén colleron o camiño da emigración; agás meu avó, que quedou na casa para traballar o campo. Logo abriría unha tenda en Gondomar, pero esta é outra historia...



A imaxe, de comezos dos anos 50 na rúa Eduardo Iglesias, evoca recordos da nosa nenez e pola nosa memoria vai desfilando unha fervenza de recordos. Un emigrante de Uruguai, dos moitos que nesa década tiveron que deixar o noso concello, que sufriu por unha banda todo o esforzo da emigración e pola outra o beneficio das aportacións que moitos deles enviaban para mellorar a situación das súas respectivas familias e parroquias. Ese impagable tesouro socio-cultural pode aínda contemplarse en Gondomar, que ten coa súa diáspora unha débeda impagable.

El, xunto cun rapaz, suxeita un burro, que só entendería o seu nome porque servía para moitas tarefas e traballaba moito, a cambio de estar mal mantido.

Enriba, un cativo que naceu, xunto cos seus irmáns, na vivenda máis próxima arrendada polos seus avós maternos: Bar Mineiro, propiedade naquel momento, xunto coa idéntica casa do lado, dunha coñecida familia. Tenda-bar, que foi unha institución na súa actividade e que a día de hoxe segue sendo un referente da nosa vila.

A seguinte é a casa Copena, que xa daquela tiña un ben gañado prestixio, que foi en aumento coas famosas roscas, ben coñecidas e saboreadas en toda a nosa bisbarra.

Máis de medio século transcorreu e felizmente as casas continúan. Aínda que se foron os momentos, quedan os recordos daqueles primeiros anos da nosa vida, nos que as primeiras vivenzas foron nese tramo da rúa que, coa distancia do tempo, queremos seguir imaxinando.





Fixense ben na foto. Ninguén sorri. Esas miradas graves din moito; din, por exemplo, que o traballo era duro e a fame moita nos tempos aqueles. A foto non ten data, pero non debían ser bos tempos, non.

Eses rostros falan de traballo duro nas leiras, do autoconsumo.

Aquelas terras traballadas ata o último curruncho do cultivable (hoxe están a monte). Eses rostros din moito, si. Falan de parentes emigrados a América porque aquí non hai para todos (vemos ao fondo a escola Pro-Morgadáns feita por eles). E aí van en procesión, homes á dereita, mulleres á esquerda, a dar grazas a deus; ¿ou será para pedir que veñan tempos mellores? Ollen: o único ben mantido é o cura.



**H**ai uns cen anos que se fixo esta fotografía dos Arcos, pero reconécese ben, pois non é das zonas que máis teñen cambiado de Vincios, a pesar de estar moi próxima á estrada que vai a Gondomar, nunha zona cun impacto demográfico importante. As reformas destas casas fixéronse dun xeito respectuoso co contorno e isto fai que Os Arcos conserve aínda hoxe un encanto e un sabor especiais que fan que andar polos seus camiños estreitos entre as súas casas de pedra sexa un pracer.

Pregúntome cantas mulleres pasarían daquela por estes camiños: labregas, leiteiras, feirantas... Unhas coas súas cestas na cabeza para ir vender a súa colleita ao mercado, outras co leite, co gando... Unhas cara a Vigo, a Gondomar, outras a Porriño... Imaxínoas andando en grupos, apuradas ás veces, outras con calma, unhas veces parolando e outras cansas e caladas...

Ao fondo da fotografía vese o monte do Castro de Xián que garda as pegadas da xente que habitou estas terras na antigüidade, xa que ten restos dun castro, petroglifos... Á esquerda está o monte Castelo, dende o que podemos apreciar unhas espectaculares vistas da baía de Baiona e da Foz do Miñor. Á dereita, o monte dos Cotros.



Como as follas da vide se xuntan para protexer e coidar do acio, a familia e os amigos reúnen-se para celebrar que eles dous uniron os seus soños. Para, xuntos, percorrer a senda que lles depare un porvir no que eses soños se transformen en realidade.

Ela fermosa, como tódalas noivas, el un mozo garrido. Ela trae consigo un soño de muller, que semella tan acolledor coma ese Donas que elixiron para festexar á sombra dunha vide o comezo da súa nova vida.

Baixo o sol agarimoso que se adiviña entre as follas, a sombra protectora acolle o lecer de xentes pertencentes a unha vila con arrecendo a rosquillas e melindres.

Xente que profesa o gusto por convidar e celebrar arredor da mesa, nunha festa de sabores antigos... a cabrito asado, filloas e quizais sobremesas de nomes case esquecidos... bolos de mildo ou ben me sabes.





foto tomouse en Borreiros, pero podería ter sido sacada en calquera outro lugar.

**A** Porque o que a min me resulta interesante é a sensación que me produce a contemplación dun retrato de xente diversa.

Parece unha celebración, tanto ten. De repente, o fotógrafo chama para a foto e prodúcese o tumulto, as voces nerviosas:

—¿Como nos colocamos?

—Esas mociñas de pé, atrás.

—Os vellos sentados.

—Eses nenos diante...

Soa o clic da máquina fotográfica, faise o silencio, e na instantánea quedan atrapados os personaxes, os seus sentimentos, as súas almas... Incluso a sicofonía do balbordo da xuntanza. É que se agora observo con atención, podo sentirme inmersa entre esa xente, mirar as expresións dos seus ollos, das súas caras, e percibir a sensación turbadora do que sentían nese intre: ledicia, esperanza, medo, amor...

A min gústame pensar que é así, aínda que resulte moi inqueda.



émbranme a alguén. Traxe, sombreiro, xaruto na boca, caxato ladeado e pequeno bigote. Aí están, os dous posando para a foto, tan simétricos, tan equidistantes e centrados no plano, quizais para compensar ese canizo inestábel que avanza cara a adiante, que se mantén no equilibrio móbil das cousas que foron e que esquecemos.

Retornaron, de traxe domingueiro. América quedaba atrás, como o barco inchado en que se foron, o barco que os vomitou á terra prometida. Agora só hai que demostrar que houbo éxito, que retornan cos petos cheos, que traen ideas e modernidade, que o canizo xa é innecesario, que non vai caer, porque no seu lugar plantarán unha palmeira.

Volveron de América, da terra que os acolleu mentres os gobernos españois celebraban os beneficios da emigración, os beneficios dunha oligarquía interesada nas divisas, que esquecía intencionadamente crear postos de traballo na nosa terra. Homes e mulleres novos que abandonaron a terra para gañar a vida, mentres o país esmorecía con eles, falta de gobernantes con conciencia e de man de obra.

O noso país tan rico viu partir os seus fillos, viu como lle tiraban o sangue, como ían vendendo leira a leira a terra dos pais, diñeiro fácil que medra baixo o consello dun progreso mal entendido, un progreso que aínda hoxe seguen a aplicar os mesmos de sempre.

O canizo podería estar alí aínda hoxe, nese equilibrio inestábel de terra que quere avanzar, de país en movemento, madeira que vive aínda sobre os tornarratos e os pés, cara a adiante, sempre cara a adiante.



Neste camiño vello quedaron gardadas na lama as pegadas de xentes á procura de causas dispares. Houbo homes que baixaron ben cedo na mañán de camiño a Panxón, ao xornal, traballando “de sol a sol , por catro reás á seca”, como dicía Casiano. Logo viñan as nenas co leite, cantando para escorrentar o medo, aínda non era día. E pasaron mulleres á venda do que sacaban do campo, e curas vellos en bicicleta, e carros de burros que ían á maré a buscar limo para os campos, e había quen ía cos espetos ás sollas, xusto aí, baixando por debaixo da pontella da de dona Antonia.

Ao resguardo deses muros vellos, entre a maré e as Escubichas, sempre houbo un encanto de aire detido e silencio de auga, ceo e árbores, e quedaron entre as pedras aquelas conversas prohibidas dos días de baile.

O camiño gardou sempre os seus segredos, os muros calaron sempre as conversas de quen se deitou ao seu abrigo, mais a auga do río non puido evitar a súa sona. Viñeron mulleres de Baiona, de Nigrán, de Vigo, de máis lonxe... a bañarse de noite e bautizar fillos non nacidos á sombra da ponte vella, nun ritual que non permitía o paso de can nin gato, nin alma que non fose humana, ritual que se remontará seguramente a tempos inmemoriais, pero que logo se acabou por cristianizar.

Iso era aquí, no fondo de todo do Val Miñor, onde Gondomar toca a auga salgada cando sobe o mar.



Cantaba “paisaxes de Catamarca, con sus distintos tonos de verde, un pueblito acá, otro más allá y un camino largo que baja y se pierde...” mentres limpaba con moito agarimo as botas de coiro que puña os domingos para ir á misa. Entón parecíame máis alto e forte, peiteaba o bigote como o meu pai e traía unha garabata diferente que ás veces lle saía por fóra do traxe; enfadábase moito se lle tirabamos dela. Agora dime o meu neto que estas fotos democratizaron o retrato familiar segundo o modelo de non sei que rei Carlos; parvadas. Fixérona para ter un recordo da familia antes de que volveran a marchar para América.

Para min, que aínda tiña os pés colgando cando sentaba na cadeira, construíanse unhas paisaxes imaxinadas nas sambas e as milongas canturreadas nun falar como a tona de pexego, meloso e brando. Ó ritmo dunha guitarra pampira “un claro, pálida luz de la noche de abril, de aquel pueblito de Córdoba...” crecía ata converterse nesa Arxentina sen final, cabalgada dos Andes ó Atlántico nun continuo vagar de traballo en traballo sen máis esperanza que os sons daquela terra. Esas descoñecidas paisaxes facíanse realidade nas tardes da miña infancia escoitando na eira que empedraran cos cartos da América os que viñeron vernos. América parecíame outro mundo cheo de aventura, exótico, onde podías facer cousas diferentes tódolos días, onde non tiñas que apañar a herba ou muxir as vacas. Alá todos eran tratantes, carreteiros e doutros oficios que os levaban dun sitio cara outro. Na outra beira do mar a xente ía pola vereda, baixaban do cerro e cheiraban a canela, os cabalos coidabense en ranchitos e a terra era cha ata cansar.

Un domingo pola mañá, despois da misa chegamos á casa, subíronme na cadeira para que se vise ben o vestido novo, peiteáronme, limparon os zapatos, puxeron os medallóns, os reloxos de cadea e colocaron cinco cadeiras diante da viña; un home quitounos esta foto cos parentes de América. Logo comimos debaixo da parra, sacaron un pipo de viño e cantaron habaneras, riron, choraron... Ó día seguinte foron ó cais de Vigo para coller o vapor. A outra beira do mar vese ben dende o Areal, pero non parecía moi grande, nin con cerros e veredas.

Anos despois fun a Cangas e descubrín que a outra beira da ría non era o outro lado do mar; aló nunca fun, mellor: as paisaxes imaxinadas nas sambas e as milongas seguen ben fortes na miña memoria.





ermosa imaxe a que estamos a ver. Aproximadamente sitúase pola segunda década do século pasado na casa de Carmen de López, así coñecida no barrio da Barga en Donas. Imaxe chea de recordos para unha persoa moi especial. Naquela época unha xeitosa moza, hoxe unha ennobrecida muller. Esta é a conclusión á que cheguei despois de ter unha inesquecible conversa cunha das súas protagonistas.

Ainda me lembro das súas primeiras palabras ao mirar a fotografía: “Estabamos a celebrar unha festa para honrar a Virxe do Carme. Aquí estou eu sentada, estes son meus pais, estes meus padriños, aquí están os teus bisavós, etc.”

Reuníanse familiares e veciños, e xuntos organizaban a festiña. Era un día de troula: as mellores galas, a música, e como non, unha fotografía para recordar tal acontecemento. Ese día nas mesas de cada casa servíase o mellor viño da colleita e o mellor cocido do ano. E despois da comida, o baile. Os gaiteiros deleitaban co seu son para que mozas e mozos bailasen. As mozas puñan o seu vestido “para a ocasión” e, como había que bailar moito, os zapatos cando máis baixiños e cómodos mellor.

Gran memoria a súa, que ata da eira, das cadeiras e das medas de palla se lembraba.

Hai máis de 70 anos que veneraches a Virxe do Carme. Hoxe, por todo o que representas para a túa familia e para os teus veciños, hoxe, por ser como es, escribo isto por ti. Grazas Carmen.



A “centuriatio” (segundo di Leonardo Benévolo no Diseño de la ciudad. El arte y la ciudad antigua) era o sistema de organización do territorio dos romanos que, partindo das vías principais de referencia, estaba constituído por unha serie de vías secundarias: os “decumani”, paralelos á dimensión maior do territorio ou á vía principal, e os “cardines”, perpendiculares aos anteriores e máis curtos.

As cidades novas respondían á aplicación deste sistema a escala urbana coas variacións propias do cambio de escala. Considerábase perfecto cando os eixos do sistema territorial coincidían cos eixos da cidade (“decumanus maximus” e “cardo maximus”), de maneira que as vías rurais eran unha continuación das urbanas.

Este sistema, que conecta coa tradición helénica de Hipodamo de Mileto, deixou interesantes exemplos na historia, formando parte do a,b,c do urbanismo, polo que resulta lóxico pensar no mesmo cando se observa un cruzamento de camiños que son liñas, vías, eixos e tamén “límites”, como se lles chamaba aos “decumani” e aos “cardines”. Non só eran vías senón que tamén delimitaban ou confinaban (confíns catastrais nas palabras de Leonardo Benévolo) formando unha cuadrícula flexible adaptada á forma do territorio.

Se se superan os límites as liñas pódense romper facilmente chegando ao desequilibrio e ao caos. Xa sei o que me suxire a foto: EQUILIBRIO.



os anos 20 do pasado século, as festas aldeás significaban unha das poucas posibilidades de oír música en directo.

**N**A formación desta foto era a coñecida Banda de Chain, considerada unha das de maior calidade do momento.

Proba disto era que contaba coa colaboración de don Manuel de Goyán, sentado na cadeira co seu fiscorno en man. Dirixía ós seus compañeiros ó mesmo tempo que tocaba o seu instrumento. Era amigo e compañeiro do afamado don Roque, director da Banda de Coruxo, falecido recentemente.

Esta banda contaba como compoñente a don Alberto Misa de Peitieiros, músico con baixo na foto; era un dos poucos na época que facía un dobre picado. Disque uns músicos da Banda Militar de Ferrol (naquel momento serían os únicos profesionais de música) sentían certa admiración por el.

Como compoñente da banda e orixinario da parroquia de Chain, atópase nesta foto en segundo plano Pepe da Presa, un dos fundadores da mesma. El non se imaxinaría que os seus bisnetos non romperían a tradición e formarían parte da Banda de Vincios uns 60 anos despois.

Considero que é moi importante pórllle nome a estas facianas, xa que foron persoeiros moi sacrificados, e sen xente coma eles non existiría moita da cultura musical tan rica como ten a provincia de Pontevedra.

Viaxaban a pé de lugar en lugar, de romaría en romaría, ata faltar da casa máis de quince días seguidos e interpretando sen parar: "Amaparito Roca", " Todo son nubes", "El capitán", "Brisas arosanas", etc

Eran outros tempos...







**D**esconcertantemente, todas as cores que não conseguia tocar eram a extensão de um longo e mecânico braço que cresce sem parar e nunca chega a alcançar o omnipresente, sensível e duvidoso fragmento que não se pode ver ou escutar.

E eu ali, diante das oito jovens vestidas de roxo que olhavam fixamente para a nave de ferro que as levasse deste lugar para a distância. Conversavam freneticamente como se o barco fosse começar a andar a qualquer momento, sem levar Ulisses, que tinha ido comprar pão.

Aquele soturno homem apareceu na cobertura e os tres corvos que por ali passavam gritaram "Colombo, Colombo" e a jovem do meio, que já se havia sentado, pegou as linguças e começou a correr em direção ao cais onde se descarregava enxofre e curry.

A paisagem ia-se derretendo lentamente em fúcsias ao redor do Vale Maior que o Mercado e o sol molhava de púrpura um xurelo e algumas baleias abertas ao meio. Havia ânsia de comer mas não havia fome; e as oito jovens vestidas de sangue olhavam fixamente para o transatlântico diante de si como se de um infinito e ondulante pano azul se tratasse: mar dentro do céu lavado pela brisa arquejante.

Onze dias depois descobriram que debaixo dos pequenos panos havia un carvalho.



Como en calquera outra reunión, non marcada no tempo, aquí, nunha volta do Pazo do Conde de Gondomar, fica gravado a papel o vivir dun pobo, enlazando algúns dos elementos que máis o identifican.

Todo acordo, reunión ou troula que se prece debe ter lugar arredor dun xantar, regada a tertulia polo líquido doce a afroitado que marca co seu compás o ritmo da charla, o chispear das xentes...

Ou a aventura dos pícaros xogando a seren homes "feitos e dereitos", coa pretensión de encher a cunca, que dea fe das moitas e gabadas virtudes atribuídas a ese elixir bendecido polos deuses... E que acompaña sen igual ao delicado son da música, incitando ao aconchecho da compracente suavidade dos corpos quentes.

¡Todos atentos ao paxariño!

Erguidos, satisfeitos, cun sorriso de complicidade, os novos; coa seriedade adquirida co paso dos anos, os homes; flanqueados a cada lado polas mulleres, testemuñas mudas e sufridas das prepotencias do seu tempo.

Aos pés, os nenos, máis interesados nas apetencias do corpo que na vaidade da pose.



N unha celebración familiar, neste caso unha voda, cumpría a inmortalización do momento cunha foto. Nas cerimoniais achegábanse as tres xeracións que artellaban as familias: avós, pais e fillos. Sacábanse dos arcóns os mellores vestidos e traxes, para resplandecer a festa e dar sensación de riqueza, de relacións, poder, influencias...

Non é ningunha sorpresa que houbera máis mulleres que homes. As guerras e a emigración reduciron o número de varóns. O requisito fundamental que impón a sociedade da época, eminentemente agraria e autosuficiente, é que a familia sexa numerosa. Cumprir esta condición reporta asegurar a supervivencia ante a taxa de mortalidade e esperanza de vida do momento, e tamén garantir o mantemento e coidado dos maiores durante a vellez.

Soterradamente, encobre tamén o facerse respectar ante os demais. Calquera enfrontamento contra os seus provocaría unha morea de inimigos.

Tiña ademais as funcións de gardería, ensino, sanidade, protección... Aquelas que a moderna sociedade de hoxe nos aporta.





**N**o 1916 don Avelino López Teijeiro e dona Divina Torres Torres contraeron matrimonio á idade de vinte e cinco e dezaseis anos respectivamente na fermosa parroquia de Couso, tempos difíciles e dunha gran incerteza nos que o apoio da familia era unha candeia que alumeaba a escura travesía.

Avelino, despois do seu periplo estadounidense e facer unha pequena fortuna, voltou á casa para casar coa súa amada, pero o infortunio botárase en contra deles ao serlles usurpada a súa pequena riqueza. Máis este inconveniente non foi atranco para que ambos seguisen loitando por un futuro en conxunto; traballaron e mimaron a súa terra e esta, ben agradecida, déulle-los froitos que precisaban.

Da súa relación xurdiron oito soles, a maioría dos cales se viron na obriga de deixar a súa terra e coller o camiño inverso ao que fixera seu pai anos atrás para buscar acougo noutros lares; iluminaron e levaron o nome de Couso ás terras do novo continente dende Nova Iorque até Río de Xaneiro ou Sao Paulo. Moitos deles deixaron semente nestas terras e alá viven hoxe fillos e fillas, netos e netas, bisnetos e bisnetas de Avelino e Divina; fillos de Couso que non renegan da súa orixe, mesmo fachendean dela e co soño de voltar algún día a casa aínda que só sexa para descansar eternamente.

Grazas, bisavós, porque pola vosa loita hoxe son un cidadán do mundo, que quere moito á súa terra e non desexa emigrar.





A foto, unha fermosa maneira de lembrar e tamén de non esquecer. Captura pequenos anacos, instantes das nosas vidas e mantenos inalterables case que para a eternidade. Parecería maxia se alguén non se preocupase en darnos unha “lóxica” explicación científica.

Estes anacos de papel en tempos (agora, cada vez máis, datos que ocupan memoria dun ordenador) seguen a cumprir a función de formaren parte da nosa memoria, apoiala e, a medida que pasan os anos por nós, suplementela e ata substituíla.

O día da foto, o acontecemento da semana, toca lustrar zapatos, peitearse ben, e sacar as mellores galas (abanos, colares e sombreiro incluídos).

-¡Chama ao neno, que veña a avoa! ¡Que non quede ninguén atrás! ¡Xa chegou o fotógrafo!

E o resultado, a foto capta miradas, reflicte pensamentos, unha mestura de sentimentos, quizais impaciencia, curiosidade, ou quen sabe; conta moito do fotógrafo e, por suposto, dos fotografados, dos nosos costumes, as modas do tempo, peiteados, roupas... fonte indiscutible de memoria histórica, do que foi nun tempo a vida dun pobo. Porque este retrato non é máis que un exemplo significativo dunha estampa propia daquel tempo, un bo costume que nos permite saber máis dos nosos pais, avós e bisavós; do que puideron coñecer eles mesmos dos seus, todo un privilexio.




Conta a miña avoa que nas belidas fragas do Pego Negro, hoxe moi desmelloradas, xurdía ao paso do río Vilaza unha fonte de augas medicinais que se coñecían como “as augas ferras”. A tomalas acudían xentes de lonxe, pois seica tiñan propiedades curativas moi apreciadas. Coa seca da década dos 40 o manancial esvaeceu; seguiron anos de esquecemento e abandono, a apertura da nova estrada, os aterramentos e a colmatación do río, que causaron a perda do nacente.

O nome de Pego Negro evoca unha poza escura e fonda que debeu existir no río. Pecho os ollos e imaxino augas limpísimas esvarando por laxes, e que a forza de acariñalas esbozan nelas pías, fornos, fervenzas, pozas. O Pego Negro segue a ser unha paraxe natural única e, malia a violencia coa que é tratado, conserva a súa beleza. Lembro cando viñamos do colexio durante o inverno. Atravesaba o noso autobús a ponte e, nena eu, ficaba sorprendida polo ímpeto das augas que baixaban desde Zamáns arrastrando toros de árbores, por como a auga todo o asulagaba, como saltaba desde a presa que fora construída para xerar enerxía máis abaixo, na “fábrica da lus” fornecedora das industrias de Vigo.

O río Vilaza nace na aba norte do Galíñeiro e, antes de desembocar no Miñor, atravesa a miña parroquia por un canón de difícil acceso que poboan vellos bosques autóctonos, e que habita unha fauna destra en gabear polas rochas, coma tal as algarias (*genetta genetta*). A auga baixa fera por este val fraguento canecendo ducias de muíños, moitos deles xa derramados, e entra a regar coma noutro tempo os pastos das súas ribeiras.

Foi tamén o río testemuña e protagonista nas tarefas de lavado do liño. Carrexábanse os molles até a beira, enterrábanse as plantas nas pozas das Oias e, para que a forza da corrente non as vencese, apreixábanse con pedras. Sete días botaba o liño deste xeito se a auga estaba morna, nove se baixaba fría, para logo recollelo e continuar mallando na casa cos mallos dos feixóns... Inda moitos traballos ficaban, do liño, do agro, da vida toda, até completar o ciclo e voltar o ano vindeiro coas anqueiras decote. E outra volta había pasar o río, pé da fonte das augas ferras.



Nas terras do Galíñeiro, onde abundan as pegadas de moitos pasados, fíxose esta fotografía da festa de San Antón a comezos do s. XX, no que hoxe é o torreiro de Santa Lucía, ós pés da muralla que pechaba un castelo desaparecido.

Neste lugar seguímonos a xuntar para a festa e outros acontecementos tódolos veciños, sendo como antes, ós pés da muralla, a onde nos diriximos nada máis entrar, e non só polas escaleiras para sentarnos, senón porque o carballo da esquerda, que aínda pervive, tira de nós ata alí.

Ademais do lugar, tamén se retrata o comezo dun novo tempo, de intrusión do mundo burgués no campesíño. Do primeiro queren parecer os que se colocan diante de todo, os homes adifeirados da parroquia, con traxe, chapeo, reloxo no chaleque, á moda de América, de onde trouxeran os cartos. Con eles, a Imandade dos Fillos de Vincios principiará a consolidar o mundo da cultura, colaborando na construción das escolas Pro Val e tamén, despois das loitas antiforais, participarán nas migallas da propiedade. Do mundo do campo temos as flores do carro que levaba a comida; por iso ó seu carón estaban as mulleres con blusas de liño, clareado, tecido e cosido por elas mesmas, á esquerda os gaiteiros e á dereita o pipo do viño, levado en andas como se dun santo milagreiro se tratara.

No medio destes dous mundos, retratado con cabelo e barba longos e brancos, o último dos druídas de Vincios, coñecedor dos segredos da gaita, dos segredos das covas do Brión e da Becha, do verbo dos canteiros e coñecedor tamén da súa pronta fin. Aparece como unha ponte entre o industrial e o artesán, entre os novos mercados e os labregos de sempre, unha ponte entre un mundo que morre e outro que vén, unha ponte entre o pasado e nós; por iso a súa presenza aquí non é casual; se vos fixades miranos de fronte preguntándonos: ¿como ides tratar os nosos montes e aldeas?







As romarías de antano ía todo o mundo; dalgunha, hoxe, non queda case nin o recordo: na capela da “Soledad”, en Chain; San “Xulián”, no Aloia; no convento de Vilariño... Era case obrigado asistir a elas por ser acto lúdico, social e relixioso. Cada un ía co seu grupo de “iguais”, cuidando as formas, aproveitando para lucir a roupa nova e relacionarse cos demais.

Nesta foto, de arredor do ano 1915, podemos ver un grupo de xentes de Gondomar en Vilariño. A algúns aínda os recoñecemos: os imáns Carolina, Pepiña, Marcial e Luís Peralba (co tambor); as imás Carmiña e Lolita Salgueiro; o médico Severino Alonso (coa gaita), Rosita Pérez...

O San Antonio de Vilariño era unha romaría algo especial: non había festa. Celebrábase o terceiro domingo de xuño. Os antonianos e antonianas eran sempre persoas solteiras, porque ó casar pasaban a ser franciscanos e franciscanas (San Francisco celebrábase noutro día de forma bastante parecida). No día do Santo, ademais de confesar e comungar, debían levar a esmola (cartos, millo, feixóns, etc.), que logo os frades repartían entre os pobres; tamén ás nais que tiñan os seus bebés nese día dábanlles unha canastra con roupa e accesorios para a criatura. Chegaban cedo, para coller sitio e tomar a comunión na primeira misa, que non se podía comer nin beber desde as doce da noite do día anterior, así podían almorzar antes da misa maior. Despois dela tiñan tempo para comer ben, para a música, estar cos amigos e amigas, falar, rir, descansar... Pola tarde había rosario, sermón e unha procesión en que nenos e nenas facían a Primeira Comunión.



Nacendo en Gondomar e á miña idade xa lembro moitas cousas. Rúa de acceso dende a Ramallosa fechada pola farmacia e o médico. Como primeira edificación estaba o comercio de dona Asunción, que era toda unha institución vendendo. Tamén estaba o bar de Alvarito, que foi o primeiro en ter televisor para que o público vise os partidos de fútbol.

Mais o importante estaba na estación de tranvías, que podía ser hoxe como a estación de autobuses, ou bastante máis, xa que era o único medio de transporte. Ás seis da mañá había decote un rebumbio de xentes que ían traballar a Vigo, Nigrán...

Tamén houbo nela dous cines e por ela se chegaba á feira do gando, fonte de ingresos para os veciños do concello e para as empresas de hostalaría do momento.

Lembro con ledicia cando no verán nos subíamos ao tranvía das catro e media e íamos como sardiñas enlatadas á praia, ¡pero íamos!

Hoxe sufriu algunhas transformacións e no canto da estación de tranvías temos o centro de saúde. Mais por esta rúa segue a entrar a maioría do tráfico rodado que circula polo centro de Gondomar. Na súa transformación tamén influíu a construción do primeiro edificio de pisos que houbo en Gondomar.

Atreveríame a chamarlle rúa principal, antes e agora.



Os prohombres da parroquia de Morgadáns intentaron, a comezos do século XIX, adaptar a súa condición de antigo morgado da xurisdición real de Baiona á nova distribución territorial de ámbito local xurdida do réxime político das Cortes de Cadiz. Así, despois de 1812 puxan, sen éxito, por constituírse en concello e volven insistir, durante a vixencia do Trienio Liberal (1820-1823), con idéntico resultado. A derrota do liberalismo ante a monarquía absolutista de Fernando VII foi determinante nestes fracasos.

Non obstante é a reforma administrativa do ministro liberal Javier de Burgos (1834) o que soterra, de maneira definitiva, as aspiracións municipais de Morgadáns ó situar a parroquia dentro dos límites do recién creado Concello de Gondomar, iso si, pasando por encima das demandas dos veciños que, xunto cos de Chain, porfiaban nas súas reclamacións por ter concello propio con capital en San Roque de Morgadáns.

Case que cen anos despois o goberno de Primo de Rivera, recollendo lexislación anterior, contempla a creación de entidades locais menores en parroquias que acadando personalidade xurídica propia, soliciten administrar certas competencias e obrigas dentro dos concellos ós que pertencen. Animada pola experiencia da entidade local da veciña parroquia de Chenlo, e apoiada polos emigrantes indianos, Morgadáns constitúese en Entidade Local o sete de agosto de 1932 coa consideración de "pobo agregado". Tamén foron recoñecidas como tal as parroquias de Borreiros e Couso. Mentres estas non chegaron a estar legalmente constituídas, o "autogoberno" de Morgadáns sofre un parón no seu funcionamento a causa da guerra civil, volvendo ós seus cometidos a partir de 1955. Na actualidade, a Entidade Menor de Morgadáns é unha das nove entidades que existen no noso país.





Non son estes doce homes sen piedade, tampouco o seu número tan apostólico reforza o que teñen de conxunto e de vocación. Parecen doce almas satisfeitas da súa decisión, non sempre escolleita desde a liberdade, senon máis ben froito dunhas circunstancias sociais e dunha tradición. Os nenos da Galicia rural que destacaban pola súa inclinación ó estudo ou porque as súas familias desexaban para eles unha vida menos dura que a que lles tocaba por labregos ou emigrantes ingresaban no Seminario. Unha vez rematados os estudos, algúns deles decatábanse de que non tiñan vocación e abandonaban a Igrexa, pero os máis continuaban e eran ordenados sacerdotes. Tiñan diante de si un futuro tranquilo, ocupados do coidado de pequenas parroquias cunha poboación xa abondo católica e obediente. As súas casas, ó carón da Igrexa, tiñan un aquel de fidalguía que as facía destacar por riba das do seu rabaño, e a man feminina asegurábase na propia nai do crego, da sobriña ou dalgunha disposta veciña da aldea.

Os doce cregos da foto teñen idades diversas. Non obstante o seu aire de grupo escolar non vén dado soamente polo seu uniforme clerical, senón pola sensación de complicidade que os anima e polo seu aire inxenuo, case infantil. Viven nun mundo pechado, respectuoso con todos os valores que eles aprenderon na súa infancia e xuventude, e tal vez iso é o que lles dá ese aspecto de nenos felices. Non hai dúbidas, non hai temores. A Santa Madre Igrexa tenos baixo o seu manto de protección e séntense seguros e rebordan paz e satisfacción. A sombra da culpa ou do pecado non os escurece. Baixando a consideracións máis terreas, é moi probable que os doce curiñas viñeran dunha boa comilona; de aí esa plenitude vital que os envolve. Mirando a foto esquecemos os aspectos sombrizos, as pequenas ou grandes miserias do seu mundo, da represión e do control poderoso que exercía a Igrexa na sociedade rural galega e máis ben un se inclina por imaxinar un mundo tranquilo, farturenco, sen sobresaltos, dunha felicidade case case celestial.





**G**ondomar segue sendo a gran descoñecida. A pesar de formar parte do Val Miñor, e de ser unha das vilas que máis crecemento experimentou nos últimos anos, o feito de estar lindando con vilas costeiras, e polo tanto máis turísticas, réstalle protagonismo.

Dende o meu punto de vista este feito non ten nada de negativo, xa que nos libera da servidume que supón vivir do sector servizos, condicionados á chegada de visitantes e de ser vítimas da especulación urbanística.

Malia esta reflexión inicial, acertada ou non, e aproveitando a oportunidade que se me brinda de recordar a través desta fotografía, gustaríame destacar e compartir con todos vós algúns dos encantos que para mín posúe Gondomar.

Á volta de calquera esquina hai elementos que nos fan tropezar co pasado, un pasado que non induce á nostalgia ou ao trauma, xa que está perfectamente harmonizado co progreso. En Gondomar os vellos seguen sendo referente para os novos, e os rapaces seguen sendo o futuro para todos eles. Isto que pode parecer tan sensato, non é algo habitual noutros lugares; por iso gustaríame destacar este feito como unha rara virtude que ten moito que ver co carácter dos gondomareños: non rexeitar as vantaxes do progreso nin desfacerse das tradicións e costumes herdados.

As romarías populares, o entroido, a elaboración de alfombras florais ou os ancestrais curros, comparten espazo con modernos espectáculos deportivos e actividades culturais nos que o pobo participa con igual satisfacción. As feiras de gando deron paso aoss mercadinhos, os comercios e tendas de sempre conviven con outros dedicados a actividades máis modernas como poden ser a electrónica ou a informática; as edificacións de varias plantas e dotadas de tódalas comodidades lindan con casas unifamiliares con horta onde se cultivan froitas, verduras ou legumes para o autoconsumo. E así podería seguir enumerando contrastes, que non son tal, debido ao afán harmonizador e a tolerancia de todos e cada un dos elementos que interveñen nos cambios.

Como conclusión, dicir que me gusta o Gondomar de hoxe, pero tamén me gusta lembrar, sexa a través das propias vivencias, das conversas cos maiores do lugar ou de fotografías como ésta da Praza da Paradela, o Gondomar de antes.



Unha casa branca chama a atención no cruce de Couso; cruce que nos comunica con Gondomar, San Cristobo e Tebra. Alí nacín eu no inverno de 1954. Fun a neta do Ferreiro, un home baixo e rexo, de ollos tan vivos coma azuis, que rematou a súa construción nos anos 40. Alí, nesa casa tan branca como a lembro, vivín ata os oito anos, corricando cos meus xogos solitarios arredor daquel recuncho, arredor daquela Taberna que atendía miña nai e se enchía pola tardiña de homes que viñan tomar un respiro logo da súa xeira no campo, cunhas copas ou unha partida de cartas. Enchiase todo de risas e voces regadas de tintos e apostas.

Polas mañás o silencio reinaba na casa, a non ser polos autos que zumbaban pola estrada. Lembro unha anécdota dos meus seis ou sete anos. Como era a única nena da casa ás veces aburriáame. Daquela cruzaba a estrada ás escondidas de miña nai para ir visitar ao Cristaleiro, o veciño da casa marrón de enfrente. Era un home apracible que, case como un avó, me recibía con algunha galleta doce e permitía que remexera arredor das súas tarefas de carpintaría. Un día de tantos funo visitar, pero non o atopei traballando no seu taller, estaba pendurado do teito cos ollos extraviados. Debaixo, unha cadeira tirada no chan.

Foi tal o horror que na miña fuxida non mirei para cruzar, e case morro baixo das rodas dun coche.

A tan curta idade, ese feito enfrontoume cara a cara coa morte. Unha morte rara, diferente da que coñecía nos animais, ou a que levaba aos vellos do lugar. Unha morte que ficou encerrada na casa de enfrente, polo menos ata que me fun de Couso, da man de miña nai, a vivir na Argentina. E que por sorte non entrou na casa branca por moitos anos...



A lgúns anos despois o meu avó Juan, cando chegou a carta de alistamento, lembraría aquela mañá soleada na que acompañou ao seu pai, Francisco Vázquez, ata Gondomar. Era unha mañá normal, xente comprando e xente vendendo. É curioso, pero en esencia as cousas cambiaron ben pouco dende aquela, tanto niso como na paisaxe; se nos detemos hoxe a mirar dende o ángulo que o fotógrafo escolleu para realizar a fotografía, esta é practicamente a mesma.

Lembraríase da foto, de Pepe Carrera, o outro dos meus bisavós que aparece, cruzando os brazos por debaixo do seu mandilón de carnicero, nun xesto que xa é parte da tradición familiar; da nena que o acompaña (pode que a miña tía-avoa Rosa); da gasosa que os dous beberon no Café de Lis; e, sobre todo, do sol, porque nesa pequena vila de Pontevedra, igual que no resto de España, dende aquel día habían pasar moitísimos anos antes de volver a ter mañás soleadas como aquela.







Tño unha vista privilexiada sobre a Vila e en concreto do barrio da Paradela, que é o que teño aos meus pés. En realidade, domino todo o Val e se deixo voar un pouco a imaxinación mesmo son quen de ver o mar.

Acompaño aos gondomareños dende hai ben anos de todos os xeitos posibles: repenico nas festas, chamo a misa, dóome nas despedidas... Seguro que se un día deixase de soar ata me botarían en falta.

A esta altura sabedes xa quen vos fala: a campá da igrexa de San Bieito.

Gústame este aspecto de sosego dos meus arredores. Os campos traballados, as viñas podadas, as preciosas casas que me rodean... Ben sei que isto non vai permanecer así toda a vida. O progreso é inevitable e con el chegan os cambios, mais iso non impide que a min me guste como está agora.

Tamén é certo que ese futuro me trae arrecendos riquísimos das rosquillas que se cocerán na casa que teño máis preto ou dos roscóns que farán famosa esta terra, pero o desenvolvemento non sempre é tan harmónico como quixeramos. Do que si estou segura é de que aquí virá moita xente de fóra para quedar e eu serei testemuña de que o prefiren a calquera outro lugar.

Non vos pensedes que isto está sempre así de tranquilo. Os días nos que máis traballo son os días de festa: ¡canta xente a subir e a baixar por esa rúa que agora vedes tan pouco transitada! Isto énchese de peregrinos, de postos de venda ambulantes, de voces. Teño que recoñecer que tamén me gustan estes días, aínda que remate cansa, porque a alegría da xente é contaxiosa.



Mirando a antiga fotografía da Igrexa de San Bieito, veñen á miña memoria recordos dunha infancia tristemente pasada, recordos de romaría onde se esperaba con larpeira ansiedade o doce comprado e pagado con moeda de cinco centavos.

Misa de ofrendas que hai que cumprir por posible e curada enfermidade, procesión longa e angustiosa. Dor de pés dentro de zapatos regalados e pequenos. Comida e merenda campestre longamente esperada no bosque que a circunda.

Fotografía con cámara de asustadiza luzada.

Igrexa de San Bieito, sentimentos de nostalxia do pasado dun pobo sinxelo e acolledor.

Lugar de rezos, paz e recollemento.

Escaleiras de fatigosa subida e alegre descenso.

Porta pechada, misterioso interior, desexos de que a abran deseguida para chegar canto antes.

Medo infantil á frialdade, á escuridade de paredes húmidas cubertas de grandes figuras de mirada impávida colgadas das paredes, man alzada, dedo acusador, ollos tristemente quietos. Libro de rezos, veo, mangas longas, confesión.

Medo infantil, lágrimas retidas tras as saias da nai devotamente recollida, golpes de peito pedindo perdón por "pecados", voltos a repetir traspasado o día e a romaría.

Recordos de noites de insomnio por sermón atemorizador dun home respectuosamente chamado señor Aba, subido no alto dun pequeno balcón. Promesas dun ceo arredado, difícil de acadar pero desexado, promesas dun inmediato inferno cheo de lapas das que queres escapar pero non podes.

En definitiva, fotografía de sentimentos rescatados da profundidade duns recordos tristes, lúgubres; amargura e medo infantil; fame e soidade.



Nacín en Peitieiros un vinte e nove de setembro, día do San Miguel, patrono da parroquia. E nacín nun bar-restaurante-tenda de ultramarinos rexentado polos meus pais. Nos días de festa todo eran pratos, perolas, callos, carneiro. Moito traballo. Viña xente nos axudar. Pelar patacas, servir mesas, lavar louza.

A tradición no San Miguel -seguramente anterior ao santo- era que nun carro de bois se levaran froitos da colleita e animais en ofrenda na procesión. Todos os veciños preparaban unha cesta, caixa ou gaiola coas cousas que doaban: cebolas, patacas, pementos, viño, augardente, plantas, coellos, galos; cada quen o que podía ou quería. O trinta, o día dos Vellos, facíanse as poxas. O recadado axudaba a pagar as festas.

Cando o carro dos froitos saía da parte de arriba da parroquia, ao pasar pola nosa porta os da Comisión de Festas daban orde á Banda de Música de que tocase para nós. Entón, a un xesto do director, todos os músicos xiraban cara a casa e tocaban un cacho mentres nós saíamos á porta e escoitabamos e aplaudíamos e aproveitabamos para poñer a nosa aportación no carro. O último ano que estivemos nesa casa, aínda que xa non traballabamos, fixeron o mesmo. O meu pai xa estaba enfermo, a miña nai choraba. Todos os anos das súas -das nosas- vidas alí xuntáronse naqueles minutos de música. E eu, que dalgún xeito sempre interpretara ese agasallo musical como regalo de cumpreanos, chorei tamén.



Unha galerna de racionalidade e de laicismo derrubou a igrexa, botou por terra o ídolo de pedra, como unha treboada revolucionaria que sacudise os alicerces da aldea, como a resposta necesaria contra a crueldade dunha cruzada reprobábel, cando o sangue tinxía as cunetas.

Os campanarios, a voz con que o ídolo convocaba aos seus fieis, enmudeceron, calaron de vez.

Entre as pedras que ficaron debeu estar o frontispicio, a vella pedra cicelada polas mans dos antepasados, os avós dos avós que nesta volta do camiño ergueron a igrexa, temerosos de Deus, abafados no Val de bágoas dos séculos medios. A Idade en que a súa lingua só era esta lingua, esta lingua entón fértil e poderosa, lingua do pobo e do rei.

A galerna derrubou a igrexa e deixou entre as pedras intactas aquela que nos vincula ao noso ser primeiro, á nosa verdadeira identidade, como un instrumento da memoria e da conciencia. Pedra que nos leva á orixe da nación.

Por iso, cando hoxe entro na casa dos ídolos, no edificio que simboliza ese outro poder, só é para procurar entre as pedras e os santos de madeira labrada o enxeño e a fantasía dos avós, a retranca e a alegría, a memoria e a identidade dos que me precederon.

(Esta galerna foi en torno ao ano 1945. Sábese que o frontispicio e o pórtico recuperados da galerna, son románicos. De feito a de Peitieiros está catalogada como igrexa románica. Tamén din que o frontispicio foi recollido nunha casa particular procedente dunha ermida do Curutiño, na parte alta de Peitieiros)





ende que hai corenta mil anos os seres humanos comezaron a diferenciarse do resto das criaturas enterrando ós mortos, danse os primeiros indicios da súa espiritualidade e das crenzas relixiosas máis ancestrais, construindo monumentos funerarios e templos onde rendían culto ós deuses, xurdindo así as primeiras relixións, espalladas por todos os lugares onde houbera seres humanos.

Así mesmo, e de maneira paralela, xorde a música como manifestación artística e espiritual. A cultura dos pobos manifestábase polo grao de interese que os seus habitantes demostraban por esta arte.

Aquí, no Val Miñor, sospeito que a espiritualidade debía de ser moi elevada xa que o interese pola música era grande. Así o manifestan a gran cantidade de músicos e de bandas que houbo neste Val, algunhas documentadas historicamente e outras non. Vallan como exemplo a Banda de música de Vilaza, dirixida polo Estivaleiro de Vilaza, onde tocaba o meu avó Manuel O Chafallo; a de Chaín, dirixida polo señor Domingos de Pedrouco de Chaín; e a de Gondomar, dirixida polo Oliveira. Daquela, o nome das bandas adoitaba tomar o nome da parroquia de orixe do director.

Nestas dúas últimas tamén tocou o meu avó, que tería agora 130 anos. Del foron compañeiros Claudimiro de Mañufe, Ventura de Baiona, Rotilio de Vilas, Domingo de Vilas, Domingos das Viñas, Pepe do Coto, Juan Gaviño (os tres últimos de Morgadáns), Pepe da Presa de Chaín, o Gaián de Peitieiros, Paulino da Escola de Mañufe, etc...



**A**s avoas convertense co paso dos anos e o día a día familiar progresivo en mulleres adultas con obrigacións directas de ama de casa, voluntariamente asumidas, que ademais por razóns educacionais e psicolóxicas teñen un acentuado sentido da orde, da responsabilidade, da dignidade e do pudor.

Xeralmente os avós xogan un papel preponderante e case irremprazable no desenvolvemento do neno, ademais de servir como substitutos honorarios de pais ausentes ou ocupados; lembro os meus avós dun xeito agradable e melancólico, especialmente a miña avoa Dolores, a señora Lola do Cancelas, que está na estampa e que durante longas temporadas me aguantou, xa que vivín na súa casa da Mourisca, en Chain. Lémbrome da súa dozura, do seu saber estar en todo momento, do seu trato afable con todo o mundo..., do seu forno para cocer o pan de millo.

Elas/es, son unha fonte constante de cariño para os netos; en todo caso, agrandan o seu horizonte, ensinándolles que existen outras persoas ademais dos pais que tamén lles poden facer agradable a vida, ofrecéndolles coñecementos de cousas importantes, sen chegar a ser tan severos como os pais. Os lazos familiares acentúansen, sobre todo ós ollos dun cativo, cando se mira que nosos pais acoden onde os seus pais, para un consello, para un intercambio de ideas, ou para simplemente darlles unha visita; como cando eu na casa de miña avoa, coa carretilla en man, esperaba a chegada en vespa para a visita da fin de semana de meus pais e irmáns.

Ninguén pode pensar, ou mellor dito, ninguén pode falar mal das avoas/ós; e aqueles que o fagan, pódese dicir que son radicais, miopes e ignorantes, por non saber abrazar a sorte coa que contan.

Nesta estampa tomada na parroquia, aparece a avoa Lola xunto con outras raparigas e mulleres da parroquia; estaban Flora a Portela, Delfina de Adelaida, Gumersinda do Coronel, Laura de Freiría, Trinitade e Lola da Rochela, Carmen do Cancelas (miña tía avoa), Luisa da Presa, Dolores Durán e outras. Vestidas coas súas melloras galas, asistiron ó convite ofrecido pola anfitroia señora das Eiras, veciña da parroquia.



O s viñedos na nosa terra son algo tan unido á paisaxe, á vista diaria deles, á forma na que se unen e forma parte da vida das persoas ó longo de cada ano da nosa vida, que fan pensar que de non existiren habería que inventalos.

Día a día ímolos vendo medrar, dende que no mes de outubro se pasa o traballo de podalos, despois do esforzo que supuxo a vendima, facendo que esas ramas tan frondosas, de follas tan características e cheas de acios tan apetitosos noutrora, terminaran o seu ciclo para dar paso, cunha seiva nova, a uns ramallos novos que no transcurso do inverno se van preparando para que nesa explosión da natureza que é a primavera eses troncos feos e retorcidos que nos din da súa existencia, volvan a darlle vida.

Despois, co seu crecer lento, sen darnos conta, o campo vaise cubrindo da súa cor, pouco a pouco, primeiro as súas follas e despois os seus froitos, cativos na primeira hora, pero a forza do sol e da vida que lle transmite ese tronco retorcido e feo dan paso a eses acios cheos de cor se as uvas son tintas ou palidos se os froitos son de uva branca.

Os traballos e coidados seguen: cavar a viña, sulfatar. Trato cariñoso que os nosos paisanos saben transmitir a algo tan especial do que despois van sentirse orgullos na súa colleita alá polo mes de setembro, cando un ano máis comece a festa traballosa e sacrificada da vendima tan ligada ós nosos costumes.

Pasa rápida a vendima, para continuar ese ciclo vital do viñado que transcorre entre os meses de setembro e outubro, cando as follas verdes do primeiro momento pasan a coller eses tonos maravillosos do outono, cubrindo novamente o noso agro de cores amarelas, vermellas ou castañas, que nos van sorprendendo cada día que pasa ata a caída da folla, comezando así un novo ciclo.







Cando era pequena soía ir camiñando ao colexio dende a miña casa. O traxecto era moi curto, pero a natureza ofrecíame unha paisaxe marabillosa que só valorei a partir dunha certa idade e, sobre todo, nos recordos de infancia que veñen cada día con máis frecuencia a ocupa-los meus pensamentos.

En primeiro lugar chegaba á ponte, unha pequena ponte de varandas de ferro e dende a que se podía ver -e mesmo moitas veces acompañar- a miña avoa nun labor xa desaparecido co avanzar dos tempos. Estaba lavando a roupa xunto con outras moitas mulleres, e ¡vaia tertulia se organizaba!. Encantábame escoitalas, pero aínda gozaba máis cando podía lavar eu tamén e mollarme todaíña con aquela espuma de xabón lagarto.

Tamén dende a ponte observaba as troitas a través daquelas augas cristalinas que tantas veces desbordaron o río inundando o meu colexio. Esas troitas que logo pescaba o meu irmán, xa dende pequeniño, e que me daban tanta pena dentro do seu cesto de vimbio, saltando e movendo as branquias desesperadamente.

Ao pasa-la ponte chegaba a unha zona de terra onde había unhas enormes árbores, imposibles de abrazar cos meus pequenos brazos e que levaban alí toda a miña vida. Árbores que, non podo lembrar cando, foron cortadas parece que “por motivos urbanísticos”. Árbores coma as que hai ben poucos días vin, tamén taladas, na beira do mesmo río que, agora estaba cheo de area, co leite cortado e todo tamén disque “por motivos urbanísticos”. ¡Que difícil me resulta entender estes motivos!

Todas estas lembranzas veñen a min ao ver esta foto, e con pena, moita pena, pois a maioría destas cousas da miña infancia xa non están.



Vimos de mercar un porquiño pinto de orellas longas, dician na feira que esta era unha boa raza. Teremos que darlle de comer, bos caldeiros de lavadura e moitas landras, así estará ben gordo e grande para cando chegue o San Martiño, aló polo mes de novembro, entón comeremos filloas de sangue con uvas pasas, rexóns con pan de millo, zorza, chourizos, raxo, lombo, orella, costela, xamón... Os días de feira, a Paradela enchíase de xente que baixaba de todas as parroquias con intención de mercar ou vender algo. Vacas, touros, porcos, ovellas, aixadas, fouciños, galiñas, cebolas, repolos, pementos, pan de millo... todo era susceptible de ser comprado ou vendido, era un mercacado case primitivo, a economía de subsistencia dun pobo. Un tempo no que non había hipotecas nin tarxetas de crédito e no que os cartos onde mellor estaban eran gardados no seo.

Daquela os protagonistas desta foto non oiran falar nunca de alimentos transxénicos, conservantes, estabilizantes, nin sabían o que era o antioxidante E-316, tampouco coñecían o consumo preferente, nin a data de caducidade do alimento.

As vacas daban leite e estercaban os campos no que nacía o millo; o pan amasábase na artesa con formento e fariña milla, cocíase envolto en follas de verza, o seu consumo preferente duraba ata que se acababa a derradeira codia, igual pasaba cos ovos, o leite, o queixo, ou os chourizos, consumíanse preferentemente cando os había.



**S**i, eramos Os Terribles de Donas, eu empecei a tocar con once anos, fará xa uns cincuenta... (tiquitiqui tiqui... xa está... ¿bótoche gomina?... bueno... listo). Tocaba a caixa, aprendín mirando, non sabiamos música, o que sabía algo era O Grilo, pero íamos de orella, os ensaios eran na casa do meu pai, Claudino Sousa Antúnez, el fundou o grupo xunto con dous imáns, Antonio, que era o bombeiro ¡tocaba o bombo!, e Xosé O Ventos. No principio eran catro, dúas gaitas, caixa e bombo... (¿como o queres?... si, e máis curto por diante). Eu fun aprendendo porque me púña alí a mirar, era un neno, facía os ritmos nunhas latas e bueno... cando fixo falta botaron man de min. Logo pasaron moitos, foron anos, marchaban uns e viñan outros... Rogelio, que tocaba o requinto; Manuel O Campanas, gaiteiro de Nande; o Terrible de Donas, que aínda vive; Manuel, o zapateiro de San Cibrán; O Verderol, de San Pedro; Xaime, O Mazáns; Isidro e Evaristo de Pedornes; Rogelio de Pino; o meu imán Pepe... (tiqui tiquitiqui, tiqui..., está, ¿boto para atrás ou queres a raia ó lado?; entón listo).

¡Hai tantos recordos, eran tempos! ¿Se ligabamos? ¡Moitísimo! Tiñamos moitas mozas porque eramos músicos e tocabamos, xa se sabe, pero é que ademais ¡tocabamos ben! ¿entendes?; e claro, iso a elas gustáballes moito... E percorríamos todo, por aquí tódolas festas pero tamén íamos fóra, a Vigo, á Coruña, a Bueu... ó norte de Portugal; aínda recordo aquel carballo en San Roque, en Vigo, que non o collían cos brazos ó redor nin doce homes... (como vai ser, si, rebaixo un pouco detrás, tic, tic , tiquitic...) ¡E cando había os "encontros"!, aquilo... ben, ¡ás veces rachábanse as peles e rematabamos con leña! ¿Como era?, pois coma un duelo: dúas bandas, cada unha nunha punta do torreiro, empezabamos a tocar e viñamos de fronte unha cara a outra, e veña a ver quen tocaba máis forte, e cando nos atopabamos no medio pois había pique e, uns cos outros, ás veces acababamos mal, ¡pero era unha festa!, non pasaba nada... Hai tanto que contar... Agora estamos tentando refacer o grupo, con rapaces novos; se hai sorte faremos un serán na primavera. (¿Rebaixo máis ou vale?, un pouco máis por diante, tic, tiquitic.. tiquitiquitic..).

E Manolo, o perruqueiro de Sabarís, seguiu cortando o pelo a ritmo de muiñeira mentres a



172

Sesión vermú, caldo á merenda, váites, váites, non te arreconcheghes que vai calor e non me pises que levo zapatiños novos e media de seda, presente dun que volveu do servizo; mira que lurpia, cómo mira para min con esa risa de cínica, oíche aínda onte fun ao do tangaraño e xa me dixo que nada de arrexuntamento, e por riba velai anda meu pai a mirar para ti, que como te xuntes de mais inda vas levar co caxato. Ai esa voltiña, pero mira que lle das xeito home, e esa música dos Terribles, que ben que saben tocar; non, non lle teño o ollo botado ao Pepe Ventos, quiá sonche eu moita muller para home tan cativo, e ti porque bailas coma un trompo, serves ben para antes do xantar, que logo da cea xa se verá quen é o que me leva o alento, ti non has ser, non. Ese é o meu segredo, e mailo del, éche o meu compañeiríño na noite pecha, cando non miran as curuxas... Non te acheghes que vai calor... que ben saben tocar... ai compañeiro cómo me tarda a noite..





## ÍNDICE

- MIGUEL ANXO MOURIÑO 8  
ANXO TERÁN 10  
CARLOS MÉIXOME 12  
MARÍA JOSÉ PÉREZ GONZÁLEZ 14  
JOSÉ CARLOS MOREIRA GONZÁLEZ 16  
FRAN ALONSO 18  
PURI FERNÁNDEZ 20  
XAN PAZ 22  
LUIISA BARREIRO ALONSO 24  
JOSÉ MANUEL VEIGA CASÁS 26  
BENITO LOBARIÑAS 28  
FRANCISCO P. FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ 30  
PEPE VALVERDE 32  
XOSÉ CARLOS SILVA MARIÑO 34  
PEPE MANTILLA SANJURJO 36  
EMILIO GARCÍA CREGO 38  
MARI CARMEN SESTELO CARRERA 40  
MARÍA ROGELIA PERALBA CABALEIRO 42  
MINA MARX 44  
PAULIÑO DEL RÍO ILESIAS 46  
MARÍA XESÚS GARCÍA 48  
CONCHA COSTAS 50  
CELSO OTERO "ESTARQUE" 52  
ÓSCAR MÉNDEZ FRANCO 54  
ÉLIDA GONZÁLEZ COSTAS 56  
SUNSA RE 58  
MANUEL RODRÍGUEZ GONZÁLEZ 60  
BENIGNO VILLOCH HERRERA 62  
MANUEL NÚÑEZ SESTELO 64  
ANTONIO ARAÚXO QUINTAS 66  
MANUEL HERMIDA "HERMIDITA" 68  
ANTONIO SOLIÑO TRONCOSO 70  
LATINO RODRÍGUEZ AREAL 72  
MARGARITA CACHAZA 74  
VICTORIA DE LE 76  
ELADIO COSTAS PEREIRA 78  
X. BIETTO LEGASPI 80  
GILBERTO VILA 82  
ALFREDO LÓPEZ 84  
MANUEL PICÓN COPENA 86  
MANUEL PICÓN PÉREZ 88  
PAULA FERNÁNDEZ FRAGA 90  
GONZALO NAVAZA 92  
PAULINO LORES 94  
LIDIA COSTAS AMORÍN 96  
ALFONSO SOLIÑO TRONCOSO 98  
EABEL SESTELO FERNÁNDEZ 100  
RAMÓN SESTELO FERNÁNDEZ 102  
FERNANDO RE 104  
MARÍA LUISA VARELA NOGUEIRA 106  
CONCHA CABEZAS 108  
MARÍA LUISA CARRERA AMORÍN 110  
TEREIXA ORTEGA 112  
NEVES PIÑEIRO GAVIÑO 114  
ROBERTO VÁZQUEZ ROZAS 116  
PAULA COSTAS BRAGA 118  
JOSÉ A. ÁLVAREZ ÁLVAREZ 120  
AMALIA VICENTE ÁLVAREZ 122  
FERNANDO CASÁS 124  
JOSEFA SOLIÑO TRONCOSO 126  
URBANO FERNÁNDEZ AMORÍN 128  
XOSÉ ANTÓN ARAUXO 130  
UXÍA ARAUJO OTERO 132  
ELSA QUINTAS 134  
TEREIXA OTERO 136  
DOLORES CRESPO SALGUEIRO 138  
ANTONIO ALONSO VALVERDE "CHUVIAS" 138  
ROSA ÁLVAREZ ÁLVAREZ 140  
JOSÉ LUIS MOSQUERA VELEIRO 142  
MARGARITA VÁZQUEZ ZEGRÍ 144  
MARTÍN URGAL ALONSO 146  
MILAGROS DÍAZ MARTÍNEZ 148  
MOISÉS VÁZQUEZ CARRERA 150  
YEMINA LÓPEZ OZORES 152  
MARÍA LUISA LÓPEZ CASTRO 154  
MANUELA RODRÍGUEZ PUMAR 156  
MARTA DACOSTA 158  
JOSÉ DOMÍNGUEZ RODRÍGUEZ 160  
MANUEL SOLIÑO TRONCOSO 162  
ALFREDO SALA 164  
PAZ VÁZQUEZ LAREO 166  
CLARA DE SAA 168  
ÁNXELES BOUZÓ 170  
ANTÓN MASCATO 172